



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CEIP de GALÁN-OSEIRO (ARTEIXO)

2023-2024



INDÍCE

1. Datos do centro
2. Obxectivos específicos do curso 2023-2024.
3. Proxecto Educativo de Centro.
4. Estratexias metodolóxicas alumnado nee.
5. Cadro de organización pedagóxica
6. Plan de actuación dos órganos colexiados.
7. Plan de actuación do equipo directivo.
8. Xornada escolar, horario do centro e organización.
9. Quendas de gardas.
10. Calendario de reunións dos órganos de coordinación docente.
11. Programación das actividades de ditos órganos.
 - Equipo de segundo ciclo de educación infantil.
 - 1º Ciclo de educación primaria.
 - 2º Ciclo de educación primaria.
 - 3º Ciclo de educación primaria.
 - Equipo de Biblioteca.
 - Equipo de EDLG.
 - Plan de integración das Tics.
 - Plan do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
 - Departamento de Orientación.
 - Comisión de Coordinación Pedagóxica.
 - Comisión de dinamización da convivencia.
12. Participación do profesorado en programas de innovación e formación.
13. Plan de autoprotección.
14. Plan de organización de tarefas do persoal non docente.
15. Horario de atención ao público.

16. Plan de potenciación e organización das relacións coa comunidade educativa.
17. Plan de transporte.
18. Organización do servizo de comedor.
19. Plan de utilización das instalacións do centro.
20. Plan de avaliación do centro.
21. Addenda do proxecto lingüístico. Decreto 179/2010.
22. Proxectos e programas nos que participa o centro.
 - Agrupación de centros educativos 2022-2024. Activos por la inclusión
 - Proxecta +. Aliméntate ben.
 - Proxecto Arteixo Innovación.
 - Seccións Bilingües.
 - Clubs de lectura, alumnado e profesorado
 - Plan dixital.
 - Voz Natura.
 - Plan Director para a convivencia nos centros.
 - PLAMBE
 - Contratos programa: Emoción-T
23. Actividade de biblioteca do centro
24. Plan anual de lectura
25. Plan de actividades da ANPA.
26. Plan de actividades do Concello
27. Programa de Lingua árabe e cultura marroquí.
28. ANEXOS

Libros de texto

1. DATOS DO CENTRO.

1.1.- Datos xerais

A denominación oficial do centro é Colexio de Educación Infantil e Primaria de Galán. Está situado no lugar de Galán, na parroquia de Oseiro (Arteixo).

As zonas de influencia do noso centro son: Suevos, Uxes e Núcleo de Oseiro: Distrito 1º-sección 4ª parte do distrito 1º sección 9ª e núcleo de Rañobre, núcleos sen vía para educación infantil. Suevos, Rañobre, Pastoriza, Uxes, Vilarrodís e Oseiro para educación primaria.

As escolas de infantil adscritas son: Escola de Infantil de Vilarrodís e a Escola de Infantil de Barrionovo. O centro de secundaria adscrito é o IES de Pastoriza.

Servizos complementarios: servizo de mañanceiros e actividades extraescolares xestionadas polo Concello de Arteixo; transporte e comedor.

As instalacións están repartidas en tres plantas:

- Na planta baixa: tres aulas de infantil, salón de usos múltiples, sala de profesorado, aseos, oficinas, biblioteca, aula de vídeo, dúas aulas de apoio, unha de Pedagogía Terapéutica, habilitada e reformada este curso, antes espazo de madrugadores e comedor debido á pandemia, unha de AL, compartida polo profesorado especialista de Audición e Linguaxe, o local da ANPA, habilitado provisionalmente para a Asociación de nais e pais do colexio, almacéns de material, espazo para o persoal de limpeza, espazo almacén material de limpeza, zona de conserxería e ascensor.

No actual curso o comedor sufriu unha ampliación, reforma levada a cabo polo Concello de Arteixo. A reforma consistiu en tirar os dous tabiques existentes dos espazos da ANPA e da aula de PT, ubicando estes espazos noutras zonas do centro.

- Na primeira planta: dúas aulas de primeiro, tres aulas de segundo, dúas aulas de terceiro e tres de cuarto de primeira, unha aula para desdobres de infantil e titoría, unha aula de uso común que se habilita para actividades extraescolares polas tardes, unha aula

da sección bilingüe de plástica, unha aula de música, unha aula de inglés, o departamento de orientación, aseos, unha titoría e a aula TIC.

- Na segunda planta: tres aulas de quinto e tres de sexto de primaria, unha aula de inglés, unha aula de relixión, dúas titorías, unha delas mantense habilitada este curso, para PT, para casos de atención individualizada de alumnado de nee.
- No exterior, cancelas, portalóns, aparcadoiro, zona de horta e invernadeiro, zona de xardíns e monte, patios e pavillón.

1.2.- Alumnado

O total de alumnado é de 387, dato que ao longo do curso se vai incrementando debido a novas incorporacións. Un total de 56 alumnos e alumnas en educación infantil e 331 en educación primaria.

1.3.- Persoal de administración e servizos

Persoal administrativo: Juan Carlos Sande Vázquez

Persoal técnico coidador: Amaya Ferreiro Alonso

Persoal de conserxería, actividades extraescolares, comedor e persoal de limpeza.

Persoal non docente: Auxiliar de conversa Cherrie Ruby Magbanua

1.4.- Unidades do centro

En catálogo 16 unidades de primaria e 3 de educación infantil.

1.5. Profesorado

Na columna destino: PD , definitivo/a; PP, provisional; RE, relixión; S, * substitución, PT(pedagogía terapéutica); AL (audición e linguaxe)

Apelidos e nome	Destino	Curso ou especialidade
Berini Pita da Veiga, María	PD	E.F
Cabello Gálvez, Clara	PD	XE/Orientación
Carrillo Bermúdez, María Dolores	PD	PT
Castro Calvo, Óscar Manuel	PD	4°C
Chao Valle, Pilar	PD	AL
Chenlo Alonso, Irene	PD	5°C
Corral Fachal, Laura	PD	5° E.I
Facal Traba, María del Carmen	PD	RELIXIÓN
Faraldo García, Lucía	PP	AL compartida
Fernández Pardiñas, María del	PD	2°C
González González, Cristina	PD	4°E.I
Guimarey Cedeira, Eva Raquel	PD	6°A
León Martínez, Francisco	PD	E.F
López López, Laura	PD	1°A
Macenlle García, María Dolores	PD	PT
Martínez Guntín, María Jesús	PD	4°A
Martins Esteves, Suzana	PD	Apoio Infantil
Méndez Cajide, Martín	S	5° EI
Mira Rey, Miguel Ángel	PD	2° B
Molezún Bustamante, María Jesús	PD	6° C
Mouzo Filgueira, María Amelia	PD	3° B
Muñiz Vena, Andrés	PD	5° A
Outón López, Sandra	PD	Música
Pájaro López, Lucía	PD	6° E.I
Pardo Carneiro, Miriam	PD	3°A
Pombo López, María Jesús	PD	4°B/ Secretaría
Regueira Lavandeira, Gador Maria	PP	AL compartida
Rey Torrente, Ana María	PP	Orientación compartida
Rodríguez Martínez, Mónica	PD	Inglés
Rúa Romero, Diego	PD	1° B
Sánchez Sánchez, Inmaculada	PD	Inglés
Sánchez Vaamonde, María Concepción	PD	Dirección/5°A
Vales López, Cristina	S	4° B
Vázquez García, Silvia	PD	5° B
Vázquez Lorenzo, María Belén	PD	6° B

2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CURSO 2023-2024

2.1.- PROFESORADO

Participar nos distintos proxectos do centro.

Promover a coordinación dos equipos docentes na atención do alumnado.

Levar a cabo puntos de encontro para establecer reflexións sobre o benestar emocional.

Promover dinámicas para favorecer a convivencia positiva e emocional.

Favorecer a inclusión e a atención á diversidade.

Usar as tecnoloxías dixitais existentes no centro.

Colaborar na dinamización dos patios.

2.2.- ALUMNADO

Recoller ideas do alumnado sobre o benestar emocional.

Participar na dinamización dos patios de recreo.

Promover o uso responsable e benestar dixital.

Fomentar a colaboración, a iniciativa e o traballo en equipo entre o alumnado.

Empregar as tecnoloxías existentes dispoñibles no centro.

2.3.- FAMILIAS

Colaboración da ANPA nas actividades do centro.

Establecer círculos de diálogos na ANPA ou en grupos de familias sobre o benestar emocional.

Recoller nun documento as reflexións das familias.

Fixar obxectivos en base ás necesidades expresadas.

Participación das familias nas actividades e nas achegas económicas para saídas.

Dar a coñecer o centro a través das Xornadas de Portas Abertas para novo alumnado.

Colaborar co IES e escolas adscritas na acollida de alumnado.

Participar en xornadas de formación e/ou talleres a través da Escola de nais e pais.

2.4.- CENTRO

Elaborar un plan de actividades para a atención do alumnado no tempo de lecer do comedor.

Actualizar documentos do centro.

Elaboración de plans, proxectos e memorias.

Elaboración do Plan de benestar emocional tendo en conta as reflexións de toda a comunidade educativa.

Coordinación cos organismos dos que dependemos Concello e Xefatura Territorial cara a mellora das infraestructuras do colexio.

- Humidades, entrada de auga.
- Instalación alarma de emerxencia.
- Arranxo do peto da zona interior do edificio.
- Adecentar o almacén do pavillón.
- Substitución do portalón do pavillón.
- Colocar antideslizantes nas escaleiras do pavillón.
- Estudio da Unidade Técnica ou Concello da ampliación do patio de infantil.
- Estudio tamén coa Unidade Técnica / Concello reforma da zona da caldeira.
- Estudio de substitucións das ventás da planta baixa por seguridade.
- Substitución do chan das dúas aulas de infantil.
- Biblioteca (colaboración na remodelación do espazo)
- Revisión da parede/zona escaleiras da horta.
- Pintura interior do centro.
- Adecentar a parte exterior da zona do aparcadoiro.
- Retirada de materiais inservibles e instalación de novos materiais.
- Outros: megafonía.
- Mantemento en xeral.

Participación do centro en:

Agrupación de centros 22-24:

Visita do alumnado do CEIP Laguna del Duero de Valladolid

Visita do alumnado de 6º á Córdoba, CEIP Eduardo Lucena. Enviarase toda a información sobre a organización da saída á Inspección Educativa.

Proxecta +

Reparto de froita e leite coa participación do FOGGA, un período.

Contratos Programa (Emoción-T)

Proxecto Arteixo Innovación

Voz Natura

Seccións Bilingües

Plan Dixital

Participación na convocatoria de Boas prácticas en inclusión

Centro PLAMBE

Clubs de lectura

Actividades promovidas polo Concello de Arteixo, entre desde a biblioteca, Animación á lectura.

Colaboración coa Universidade de A Coruña, a través de talleres ou obradoiros matemáticos nas aulas con alumnado da Universidade.

Plan Director para a convivencia:

Temáticas solicitadas:

- a) Para o alumnado de 5º e 6º: temas como ciberseguridade, adicións, violencia sobre a muller, prevención de delitos sexuais...
- b) Para as familias: Ciberseguridade, drogas e alcol.
- c) Para todo o alumnado a través de Voz Natura, Garda Civil e Seprona, Protección da Natureza

2.5.- CONTORNA

Desenvolver o proxecto de Voz Natura en colaboración con entidades (medio ambiente, Garda Civil- Seprona, Concello e outras).

Achegar o coñecemento do patrimonio cultural, histórico e natural da contorna a través de visitas guiadas pola zona coa colaboración de Xabier Maceiras e ANPA Manuel Murguía.

Visitas guiadas:

4º E.I	Pola zona
5º E.I	Praia Area Grande de Suevos. O baleeiro de Suevos
6º E.I	Petroglífos de Baer e Fontes Vellas
1º E.P	Antiga estación de Uxes. Santa Icíá, túnel antigo.
2º E.P	Punta Langosteira, torres vixía, balea e telégrafo
3º E.P	Fonte de Abade. Antiga fábrica de curtidos de Oseiro.
4º E.P	Roteiro de lendas: Pastoriza, lenda da Virxe e do pirata Drake. Praia de Sabón, lenda de Constanza.
5º E.P	Orixe topónimo, coñecemento do medio, coñecemento do castro de Galán, do Pazo de Galán, dos pombais...)
6º E.P	Froxel, (charla, fotografías, coñecemento do medio...) en torno ao lugar de nacemento de Manuel Murguía e da súa biografía.

Colaboración da Policía Local de Arteixo.

Coordinación cos centros adscritos.

Colaboración con entidades e organismos que faciliten unha mellora na calidade educativa. (Universidade A Coruña, UACO, EOE, Servizos Sociais, SERGAS, 061, Agarimo, Gabinetes psicolóxicos, Garda Civil e outros)

Contar co apoio de axentes externos cara unha boa dinámica de centro.

Actividades do Concello de Arteixo e Bilioteca.

3.- PROXECTO EDUCATIVO E CONCRECIÓN CURRICULAR.

O proxecto educativo corresponde a súa actualización.

Actualízase cada curso escolar. No actual curso elimínase o apartado do proxecto lector.

O profesorado incluírá na súa práctica docente un tempo diario á lectura e á oratoria, englobado nas áreas despois do período do recreo.

PROGRAMACIÓNS ADAPTADAS A LOMLOE.

Elabóranse as programacións didácticas de todos os niveis e etapas a través da aplicación PROENS.

4.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS DE ALUMNADO DE NEAE.

Plan de atención á diversidade

5.- CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

Claustro de profesoras e profesores e Consello Escolar

Equipo directivo

Directora: M^a Concepción Sánchez Vaamonde

Xefa de estudos: Clara Cabello Gálvez

Secretaria: M^a Jesús Pombo López

Consello Escolar

Presidenta: M^a Concepción Sánchez Vaamonde

Xefa de estudos: Clara Cabello Gálvez

Secretaria: M^a Jesús Pombo López

Representantes do Profesorado:

Irene Chenlo Alonso, Andrés Muñiz Vena, Diego Rúa Romero, M^a Dolores Carrillo Bermúdez, María Berini Pita Da Veiga.

Representantes de pais e nais: Ana González Guerra, Sandra Pontón Otero, Pablo Mariño Varela, Lorena Valeria Vázquez Di Sessa

Representante da ANPA: María Recarey Gómez

Representante do Concello: Inés Ramos Álvarez

Departamento de Orientación

Xefa do departamento: Clara Cabello Gálvez

Orientación compartida con EEI Barrionovo, EEI Vilarrodís: Ana Rey Torrente

Pedagogía terapéutica: M^a Dolores Macenlle García e M^a Dolores Carrillo Bermúdez

Audición e Linguaxe: Pilar Chao Valle

Faraldo Couceiro, Lucía (AL compartida coa escola de infantil de Vilarrodís)

Regueira Lavandeira, Gador, AL compartida co CEIP San Xosé Obreiro.

Comisión de coordinación pedagóxica:

M^a Concepción Sánchez Vaamonde, Clara Cabello Gálvez, Lucía Pájaro López, Laura López López, Miriam Pardo Carneiro, M^a Belén Vázquez Lorenzo, Pilar Chao Valle, Diego Rúa Romero, Ana M^a Rey Torrente, M^a Dolores Carrillo Bermúdez, M^a Dolores Macenlle García e María Berini Pita da Veiga.

Equipo de educación infantil

Coordinación: Lucía Pájaro López

Inglés: Inmaculada Sánchez Sánchez

4º E.I. Cristina González González

5º E.I. Laura Corral Fachal

6º E.I. Lucía Pájaro López

Apoio. Suzana Martins Esteves

Sandra Outón López

Equipo de 1º Ciclo de Primaria

Coordinación: Laura López López

1º A. Laura López López

1º B. Diego Rúa Romero

2º A. Isabel Mosquera Soto

2º B. Miguel Ángel Mira Rey

2º C. Mª Carmen Fernández Pardiñas

María Berini Pita da Veiga

Mª Dolores Carrillo Bermúdez

Equipo de 2º Ciclo de Primaria

Coordinación: Miriam Pardo Carneiro

3º A. Miriam Pardo Carneiro

3º B. Mª Amelia Mouzo Filgueira

4º A. Mª Jesús Martínez Guntín

4º B. Mª Jesús Pombo López

4º C. Óscar Manuel Castro Calvo

Inglés, Mónica Rodríguez Martínez,

Pilar Chao Valle

Equipo 3º Ciclo de Primaria

Coordinación: Mª Belén Vázquez Lorenzo

5º A. Andrés Muñiz Vena

5º B. Silvia Vázquez García

5ºC. Irene Chenlo Alonso

6º A. Eva Raquel Guimarey Cedeira

6º B. Mª Belén Vázquez Lorenzo

6º C. Mª Jesús Molezún Bustamante

Profesorado especialista:

Mª Carmen Facal Traba

Francisco León Martínez,

Mª Concepción Sánchez Vaamonde

Mª Dolores Macenlle García

Equipo de dinamización de Lingua Galega

Coordinación: Pilar Chao Valle

Mª Jesús Pombo López

Miguel Ángel Mira Rey

Mª Jesús Molezún Bustamante

Irene Chenlo Alonso

Andrés Muñiz Vena

Equipo de actividades complementarias e extraescolares

Coordinación: Sandra Outón López

Mª Jesús Martínez Guntín

Laura Corral Fachal

Laura López López

Miriam Pardo Carneiro

Isabel Mosquera Soto

Francisco León Martínez

Andrés Muñiz Vena

M^a Concepción Sánchez Vaamonde

Equipo de Voz Natura

Coordinación: M^a Jesús Pombo López

Irene Chenlo Alonso

Mónica Rodríguez Martínez

M^a Jesús Martínez Guntín

Isabel Mosquera Soto

Equipo de Biblioteca

Coordinación: Diego Rúa Romero

Lucía Pájaro López

Inmaculada Sánchez Sánchez

Mónica Rodríguez Martínez

Clara Cabello Gálvez

M^a Carmen Fernández Pardiñas

Pilar Chao Valle

Eva Raquel Guimarey Cedeira

M^a Belén Vázquez Lorenzo

Cristina González González

Equipo Tics

Coordinación: María Berini Pita da Veiga

Óscar Manuel Castro Calvo

M^a Carmen Facal Traba

Suzana Martins Esteves

Cristina González González

M^a Concepción Sánchez Vaamonde

M^a Dolores Macenlle García

Dinamización Plan Dixital

Coordinación: Óscar Manuel Castro Calvo

Dinamización de convivencia e benestar emocional

Coordinación dinamización: Clara Cabello Gálvez

Ana Rey Torrente

M^a Dolores Carrillo Bermúdez

Silvia Vázquez García

Laura Corral Fachal

M^a Amelia Mouzo Filgueira

M^a Concepción Sánchez Vaamonde

Sección bilingüe

Coordinación: Inmaculada Sánchez Sánchez

Andrés Muñiz Vena

Miriam Pardo Carneiro

Auxiliar de conversa: Cherrie Ruby Magbanua

Agrupación de centros

Coordinación: Miguel Ángel Mira Rey

Proxecta+

Coordinación: Miguel Ángel Mira Rey

Contratos Programa. Emociónate

Coordina: Ana Rey Torrente

6.- PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

O claustro está formado por 34 profesoras e profesores, é o órgano de participación do profesorado no centro, ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.

O consello escolar é o órgano colexiado

As reunións destes dous órganos celebraranse unha vez por trimestre en sesión ordinaria, e sempre que sexan convocadas pola presidenta ou o solicite un tercio, dos seus membros.

As función dos órganos colexiados están especificadas na lexislación vixente e nas NOFC.

Horario de reunións: Claustros: 15.00 horas

Consello Escolar: 18.00 horas

Meses de setembro, xuño ou xullo: previa convocatoria de mañá.

7.- PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.

- Promover e colaborar nos proxectos de centro.
- Apoiar as iniciativas que o claustro ou o consello escolar determinen.
- Fomentar e apoiar a formación permanente do profesorado.
- Dinamizar e colaborar nas actividades do centro.
- Apoiar a participación da ANPA nas actividades do centro.
- Incentivar unha convivencia sá, positiva e de coidado de todos e todas no centro.
- Informar ás familias naqueles aspectos que descoñezan e apoialas.
- Organizar as xornadas de portas abertas e de acollida en colaboración co departamento de orientación e demais equipos do centro.
- Continuar actualizando os documentos en prol dunha mellora na calidade educativa e na mellora organizativa do centro.

- Atender ás infraestructuras e necesidades do centro tramitando aos organismos competentes as deficiencias existentes e propostas de mellora.

O equipo directivo ten 25 horas asignadas para as súas funcións, distribuídas da seguinte forma: dirección, 13 ; xefatura, 6 e secretaría, 6.

8.- XORNADA ESCOLAR, HORARIO DO CENTRO E ORGANIZACIÓN

9.00 a 14.00 horas: xornada escolar

8.50 a 9.00 horas: entrada do alumnado transportado pola cancela principal. O alumnado de primaria non transportado fará a entrada pola cancela peatonal escalonadamente e o alumnado de infantil pola cancela principal

9.05 horas: peche do colexio

11.30 a 12.00: recreo

13.55 horas: saída escalonada do alumnado transportado por rutas e acceso ao comedor.

14.00 horas: remate da xornada

14.10 horas: peche do centro

15.20 horas: saída da primeira quenda de comedor

15.50 horas: saída da segunda quenda de comedor e acceso do alumnado de actividades.

18.00 horas: remate das actividades e peche do centro.

As sesións de clases son:

De 9.00 a 9.50, a primeira sesión

De 9.50 a 10.40, a segunda sesión

De 10.40 a 11.30, a terceira sesión

De 11.30 a 12.00, recreo

De 12.00 a 13.00, cuarta sesión

De 13.00 a 14.00, última sesión

ORGANIZACIÓN VARIA

A) QUENDAS DE ENTRADA PRIMARIA E INFANTIL

		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	
CANCELA	INFANTIL	Cristina	Lucía	Laura Corral	Suzana	María B	
	PRIMARIA	Paco	Irene	Sandra	Loli.M	Eva	
ENTRADA	PRIM INFA	ENTRADA - ASEOS	Loli.M	Pilar	Pilar	Pilar	Mónica
	PRIM	DOSIFICADOR	Pilar	Clara	Loli.M	Chus Molezún	Loli.M
SUBSTITUCIÓN		Profesorado de garda Conchi	Profesorado de garda Conchi	Profesorado de garda Clara Conchi	Profesorado de garda Clara Conchi	Profesorado de garda Pilar Clara Conchi	

B) RECREOS

EDUCACIÓN PRIMARIA

Quenda A: LUNS, establecerase un complemento de 2 persoas na quenda (total 8)

LAURA, DIEGO (BIBLIO), ISABEL , MIGUEL, M^a CARMEN, MARÍA BERINI

Quenda B: MARTES

MIRIAM, AMELIA, CHUS MARTÍNEZ, SUSI, ÓSCAR, MÓNICA (BIBLIO,)LOLI. C, CLARA

Quenda C: MÉRCORES

ANDRÉS, SILVIA, IRENE, EVA, BELÉN (BIBLIO), CHUS MOLEZÚN, CARMEN FACAL,PACO

EDUCACIÓN INFANTIL

Quenda A – LUNS

CRISTINA , SUZANA ANA

Quenda B – MARTES

Laura corral, loli.m, pilar

Quenda C – MÉRCORES

LUCÍA, INMA, SANDRA

Gádor substitúe a Ana os xoves. Lucía Faraldo substitúe a Ana os venres.

C) RECREOS DE CHUVIA

O profesorado de apoio ás aulas adxudicadas apoiará 10 minutos en cada aula.

ORGANIZACIÓN DOS RECREO CON CHOIVA			
AULAS	APOIO	AULAS	APOIO
1ºA Laura	María B	4ºB Susi	Ana
1ºB Diego		4ºC Óscar	
2º A Isa	Mónica	5ºA Andrés	Paco
2ºB Miguel		5ºB Silvia	
2ºC Mª Carmen	Loli.C	5ºC Irene	Inma
4ºA Chus Martínez		6ºC Chus Molezún	
3ºB Amelia	Pilar	6ºA Eva	Carmen
3ºA Miriam		6ºB Belén	
4º E.I Cristina	Suzana	5ºE.I Laura Corral	Sandra
6º E.I Lucía		Substitución: Loli M, Clara, Gádor, Lucía C	

D) PROFESORADO ASIGNADO ÁS FILAS DE TRANSPORTE

LIÑAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8	Loli.C	Loli.C	Loli.C	Loli.C	Loli.C
7	Diego	Pilar	Pilar	Pilar	Pilar
6	Susi	Susi	Susi	Susi	Paco
5	Carmen	Carmen	Carmen	Carmen	Carmen
4	Belén	Belén	Belén	Sandra	Belén
3	Miguel	Miguel	Miguel	Miguel	Miguel
2	Silvia	Silvia	Silvia	Silvia	Silvia
1	Loli.M	Loli.M	Loli.M	Loli.M	Loli.M

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Profesorado Disponible		Isa Gádor AL	Lucía AL	Gádor AL	Lucía AL

D) SUBSTITUCIÓN DE TARDES

1	Outón López, Sandra
2	Pájaro López, Lucía
3	Pardo Carneiro, Miriam
4	Pombo López, María Jesús
5	Rey Torrente, Ana María
6	Rodríguez Martínez, Mónica
7	Rúa Romero, Diego
8	Sánchez Sánchez, Inmaculada
9	Sánchez Vaamonde, María Concepción
10	Vázquez García, Silvia
11	Vázquez Lorenzo, María Belén
12	Berini Pita da Veiga, María
13	Cabello Gálvez, Clara
14	Carrillo Bermúdez, María Dolores
15	Castro Calvo, Óscar Manuel
16	Chao Valle, Pilar
17	Chenlo Alonso, Irene
18	Corral Fachal, Laura
19	Facal Traba, María del Carmen
20	Fernández Pardiñas, María del Carmen
21	González González, Cristina
22	Guimarey Cedeira, Eva Raquel
23	León Martínez, Francisco
24	López López, Laura
25	Macenlle García, María Dolores
26	Martínez Guntín, María Jesús
27	Martins Esteves, Suzana
28	Mira Rey, Miguel Ángel
29	Molezún Bustamante, María Jesús
30	Mosquera Soto, María Isabel
31	Mouzo Filgueira, María Amelia
32	Muñiz Vena, Andrés

E) GRUPOS DE QUENDAS DE TARDE

GRUPOS	PROFESORADO
A	CARMEN FACAL – ÓSCAR
B	SANDRA – INMA
C	CLARA - CONCHI
D	CHUS - SUSI
E	BELÉN - EVA
F	LOLI.C – LOLI.M
G	MARÍA - PACO
H	Mª CARMEN - MIGUEL
I	CRISTINA - SUZANA
K	ISA - SILVIA
L	LUCÍA - DIEGO
M	LAURA - ANDRÉS
N	MIRIAM – MÓNICA
Ñ	IRENE – CHUS MOLEZÚN
O	LAURA CORRAL - ANA
P	PILAR - AMELIA

F) CALENDARIO DE AVALIACIÓN

Avaliación Inicial: 2, 9, 10 de outubro de 2023

1ª avaliación: 21 de decembro de 2023

2ª avaliación: 22 de marzo de 2024

3ª avaliación: 21 de xuño de 2024

Calendario escolar 2023-2024 .Vacacións e días non lectivos (Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes públicos)

Nadal: desde o 22 de decembro de 2023 ata o día 7 de xaneiro de 2024, ambos inclusive.

Entroido: días 12, 13, 14 de febreiro de 2024

Semana Santa: desde o día 25 de marzo ata o 1 de abril de 2024, ambos inclusive.

Días non lectivos: 7 de decembro: Día do Ensino

Días solicitados polo centro:

13 de outubro de 2023 e 20 de maio de 2024

10.- CALENDARIO DE REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE .

Reunións. 16.00 a 17.00 horas

1º luns: Equipos de ciclo e equipo de infantil

DO os luns (PT/AL: 17.00 h)

2º luns: CCP e DO (trimestral)

3º luns: EACE ás 16.00 horas (Voz Natura)

BIBLIOTECA ás 16.30 horas

4º luns: EDLG ás 16.00 horas

CONVIVENCIA ás 16.00 h

TICS ás 16.30 h

Todos os luns : Atención á familias. Titoría. 17.00 a 18.00 h

11.- PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

EQUIPO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

1. Membros do equipo

- Cristina González González (titora de 4ºEI)
- Laura Corral Fachal (titora de 5ºEI)
- Lucía Pájaro López (titora de 6ºEI)
- Suzana Martins Esteves (mestra de apoio)
- Maria Berini Pita da Veiga (mestra especialista en Educación Física)
- Inmaculada Sánchez Sánchez (mestra especialista en Inglés)
- Sandra Outón López (mestra especialista en Música).
- María del Carmen Facal Traba (mestra en Relixión Católica).
- Pilar Chao Valle (mestra especialista en Audición e Linguaxe)

1. Obxectivos e actividades previstas

Partindo do traballo realizado nos cursos anteriores, propoñemos para o presente curso, os seguintes:

a. Revisar e elaborar diversos documentos:

1. Plan de acollida dos nenos e nenas de 3 anos. Documentos informativos para as familias do alumnado de nova incorporación: Díptico para as familias sobre os grupos e horarios no período de Adaptación.
2. Revisión e elaboración da programación de aula introducindo todos os apartados, actualizando ás demandas da Xunta empregando a aplicación PROENS.
3. Revisión de ítems de avaliación. Boletíns trimestrais para as familias.

b. Revisar e actualizar o material das aulas (xoguetes, xogos de desenvolvemento simbólico, puzzles, material manipulativo, etc.) para reparar, repoñer ou retirar o que se atopa en mal estado e co obxectivo de incorporar novas dinámicas, formas de aprendizaxe

e que se adopten ás necesidades do alumnado. Dotar ás aulas de material didáctico axeitado co presuposto dispoñible.

- c. Organizar a reunión inicial de curso das familias.
- d. Estudar os casos do alumnado que presenten dificultades de aprendizaxe ou desenvolvemento de calquera índole, coa finalidade de solicitar asesoramento, valoración e/ou intervención do Departamento de Orientación.
- e. Planificar as sesións coa mestra de apoio para sacar bo proveito delas, tanto na realización de desdobres, actividades relativas ás TIC's, sesión de psicomotricidad a maiores.
- f. Posta en práctica de dinámicas que favorezan a comunicación e expresión verbal e lingüística co asesoramento constante do DO nas aulas de educación infantil.
- g. Participar nas actividades do centro: revista escolar e propostas dos equipos de Biblioteca, Convivencia, EACE, EDLG, TICs e Voz Natura.
- h. Animación á lectura: fomentar o hábito lector do noso alumnado e o coidado dos libros. Medidas a adoptar para conseguir este obxectivo:
 - 1. escoita diaria de contos na aula así como pequenas reflexións a partir do texto escoitado (fomentando o pensamento crítico).
 - 2. Aumentar o emprego da biblioteca do centro, fomentando unha relación con este espazo de forma activa, lúdica e motivadora. Participando nas dinámicas e propostas que saen da mesma, facendo partícipes ás familias de propostas como "contos na lareira" ou o préstamo para adultos que se irán establecendo ao longo do curso, así como aprender a empregar e coidar os novos recursos que se incorporan na mesma (ipads, ordenadores, proxector, xogos, etc.)
 - 3. Creación e ilustración colectiva de contos, xa sexa en papel, documento audiográfico, etc.
- k. Mellorar o patio. Lograr o pintado dos xogos do chan pendentes do curso anterior e incluír novas iniciativas para un mellor uso do mesmo. Así como traballar no

plantexamento, proposta e posible aceptación do proxecto LUPPO para favorecer a redistribución e diseño do patio. Ademais de dinamizar o tempo de recreo.

l. Fomentar a comunicación interciclo a través de diversas dinámicas, lectura de contos colectiva, apadriñamento lector, actividades conxuntas, recollida do alumnado de primaria nas rutas de transporte, na apertura da biblioteca nos recreos, e diversas dinámicas que se proporán ao longo do curso. Deste xeito tamén se poden facer actividades conxuntas do tipo un grupo comeza e os outros continúan aportando todos algo. Isto é tamén especialmente útil para as conmemoracións.

m. Participar nas festas (Magosto, Samaín, Entroido) e conmemoracións, día da paz, semana das letras galegas...).

n. Manter o achegamento á contorna. Posibles saídas ou actividades culturais ofrecidas polos Concellos de A Coruña e Arteixo ou entidades.

o. Promover o uso do galego a través de recursos literarios e musicais, buscando a súa presenza na xornada a través de xogos, rutinas, dinámicas, actividades propostas polo EDLG, etc.

p. Coñecer progresivamente aspectos da cultura galega e da diversidade cultural propia do centro.

q. Fomentar o uso das TICS: ordenador, paneis dixitais, Ipads, robótica...

1. Sesión semanal na aula de informática para practicar o manexo do ordenador ou préstamo dos Ipads con aplicacións educativas diversas.

2. Emprego nas aulas.

3. Actividades sensoriais e artísticas coa mesa de luz.

4. Primeiros pasos de emprego e experimentación coa robótica como medio de disfrute e coñecemento.

5. Emprego de todos os recursos da biblioteca incluíndo os relativos ás TICS.

r. Educación medioambiental: concienciar ao noso alumnado da necesidade de coidar o noso contorno. Medidas a adoptar para conseguir este obxectivo:

1. Manter limpos os espazos nos que nos movemos: aulas, aseos, corredores, sala de usos múltiples, patio...
2. Participación e responsabilidade no coidado das plantas que integran o xardín do noso patio.
3. Participación no coidado e plantación do horto escolar (Voz Natura).
4. REducirREutilizarREciclar diferentes materiais: papel, cartón, etc.

PLAN DO EQUIPO DO 1º CICLO DE EP

O primeiro ciclo de EP se atopa composto polos seguintes cursos

1º curso de educación primaria con dúas liñas respectivamente (AeB)

2º curso de EP con tres liñas (A, B e C)

O equipo de mestres e mestras do primeiro ciclo de educación primaria durante este curso 2023-24 é o seguinte:

Titores/as:

1ºA: Laura López López

1ºB: Diego Rúa Romero

2ºA: María Isabel Mosquera Soto

2ºB: Miguel Ángel Mira Rey

2ºC: Mari Carmen Fernandez Pardiñas

Profesorado especialista:

E. Musical: Sandra Outón López

E. Física: María Berini Pita da Veiga

Plástica/sección bilingüe, inglés en 1º: Andrés Muñiz Vena

Lingua inglesa 2º Mónica Rodríguez Martínez

Relixión: María del Carmen Facal Traba

Pedagogía terapéutica : M^a Dolores Carrillo Bermúdez, M^a Dolores Macenlle García

Audición e linguaxe: Gador Regueira Lavandeira, Lucia Faraldo Couceiro

Propostas para este curso

Colaborar na adaptación das programacións a nova normativa legislativa vixente que entra en vigor para o segundo nivel de EP e vixente en primeiro nivel

Por en común propostas para a elaboración do proxecto competencial.

Adaptar as programacións das diferentes áreas ás características do alumnado, tendo en conta a súa diversidade e necesidades educativas.

Revisar e poñer en común os aspectos a tratar nas reunións coas familias.

Aportación de ideas, e organización dentro do ciclo, das actividades propostas establecidas polos diferentes equipos de dinamización.

Participación nas actividades que se propoñan dende os distintos equipos do centro.

Coordinación coas mestras e mestres do propio nivel e dentro ciclo .

Saídas e actividades extraescolares

Se levará a cabo un estudio das propostas das saídas extraescolares para a selección das actividades máis adecuadas a nivel pedagóxico, tendo en conta as súa organización e adecuación das características á diversidade de do alumnado de 1º e 2º curso.

Ademais se estudarán propostas de saídas realizadas polos diferentes ámbitos da comunidade educativa como o concello ou os diferentes equipos de dinamización.

As saídas se concretarán ao longo do curso unha vez analizadas as propostas.

PLAN ANUAL 2º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA

O equipo de mestres e mestras do segundo ciclo de Educación Primaria é o seguinte:

- 3ºA: Miriam Pardo Carneiro
- 3ºB: Amelia Mouzo Filgueira
- 4ºA: María Jesús Martínez Guntín
- 4ºB: María Jesús Pombo López
- 4ºC: Óscar Manuel Castro Calvo

Profesorado especialista

- E. Musical: Sandra Outón López
- E. Física: María Berini Pita da Veiga e Francisco León Martínez
- Lingua inglesa: Mónica Rodríguez Martínez
- Relixión: María del Carmen Facal Traba
- P.T. (Pedagogía Terapéutica): M^a Dolores Carrillo, M^a Dolores Macenlle García
- A.L. (Audición e Linguaxe): Pilar Chao Valle, Gádor María Regueira Lavandeira, Lucía Faraldo Couceiro

1. PROPOSTAS:

- Adaptar as programacións das diferentes áreas ás características do alumnado, tendo en conta a súa diversidade e necesidades educativas.
- Elaboración de materiais de avaliación, reforzo e ampliación.
- Elaboración do plan de lectura, acordando lecturas axeitadas adaptadas ao nivel.
- Diseñar actividades destinadas ao fomento da lectura.
- Participación en diferentes actividades que se organicen desde a biblioteca.
- Realizar actividades destinadas a mellorar o desenvolvemento da linguaxe oral e escrita.
- Continuar traballando para mellorar o cálculo mental e a resolución de problemas.

- Realizar desde as titorías actividades que fomenten o respecto a todos os membros da comunidade escolar.
- Revisar e poñer en común os aspectos a tratar nas reunións coas familias.
- Aportación de ideas e organización dentro do nivel, das actividades propostas polos diferentes equipos de dinamización.
- Participación nas actividades que se propoñan dende os distintos equipos do centro.
- Adicarase un tempo á lectura e oratoria na sesión despois do recreo. Aínda que habrá momentos de lectura libre, os titores de terceiro e cuarto poderán propoñer algún libro de lectura conxunta. Tamén realizarán as actividades propostas polo Equipo de Biblioteca.

2. SAÍDAS E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Realizaranse as saídas previstas nas actividades do Concello (rutas pola localidade e visitas á biblioteca de Arteixo). Realizaranse tamén actividades promovidas polo Concello da Coruña.

O 3º curso ten previsto polo momento unha saída final ao Ventoso (A Laracha).

O 4º curso ten previsto polo momento unha saída final a Marcelle (Lugo) e unha Ruta polo embalse de Cecebre.

Colaborarase nas distintas festas organizadas polo centro:

- Magosto
- Samaín
- Nadal
- Entroido
- Día da Paz
- Día das Letras Galegas
- Festival de fin de curso

3. REUNIÓN

Para levar a cabo a coordinación dos membros do equipo e a elaboración das actividades propostas para o presente curso, o equipo reunirse os primeiros luns de cada mes, segundo o establecido na PXA.

PLAN ANUAL 3º CICLO DE PRIMARIA

MEMBROS:

O equipo de mestres e mestras do 3º Ciclo de Educación Primaria durante o curso 2023-2024 é o seguinte:

- 6ºA: Eva Raquel Guimarey Cedeira
- 6ºB: María Belén Vázquez Lorenzo
- 6ºC: María Jesús Molezún Bustamante
- 5º A: Andrés Muñiz Vena (titoría compartida con Mª Concepción Sánchez Vaamonde para Lingua Galega e Proxecto Competencial e María Berini Pita para Plástica e Ciencias Sociais).
- 5º B: Silvia Vázquez García
- 5º C: Irene Chenlo Alonso

Profesorado especialista:

- E. Musical: Sandra Outón López
 - E. Física: Francisco León Martínez
 - Lingua inglesa: Inmaculada Sánchez
 - Relixión: María del Carmen Facal Traba
 - P.T.: Dolores Macenlle García
 - A.L.: Lucía Faraldo Couceiro
- Gádor Regueira Lavandeira

REUNIÓN DO NIVEL:

Para as distintas tarefas de coordinación, os integrantes desde ciclo reuniranse os primeiros luns de cada mes (de 16:00 h a 17:00h) e sempre que sexa necesario para resolver asuntos de nivel.

ACTIVIDADES PROPOSTAS:

- Actualización da normativa segundo a nova lexislación educativa.
- Realizar as programacións das diferentes áreas de maneira que estean adaptadas ás características do alumnado.
- Participar en diferentes actividades que puidesen resultar de interese para os alumnos e alumnas de 5º e 6º ciclo.
- Deseño de actividades de reforzo e ampliación.
- Seguimento da evolución do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo contando co apoio do Departamento de Orientación.
- Realizar reunións individuais coas familias para favorecer o seguimento de ensinanza-aprendizaxe.
- Poñer en común e levar a cabo certas actividades que se propoñan a través dos diferentes equipos de dinamización.
- Realizar desde as titorías actividades que fomenten o respecto a todos os membros da comunidade escolar.
- Aportación de ideas dentro do ciclo das actividades propostas polos diferentes equipos de dinamización.
- Consensuar as saídas complementarias e extra-escolares que se levarán a cabo e coordinar a súa organización co equipo de EACE.
- Colaboración e cooperación entre o profesorado de ciclo para o mellor desenvolvemento posible do proxecto E-DIXGAL informando das incidencias, establecendo un seguimento anual e propostas de mellora.

- Elaboración dunha memoria final sobre o traballo realizado con propostas de mellora para o vindeiro curso.
- Realización de cursos de formación e perfeccionamento docente.

SAÍDAS E ACTIVIDADES:

- Participar nas saídas propostas polas administracións públicas e privadas.
- Plan Director de centro.
- Actividade a realizar co escritor Xabier Maceiras para coñecer a nosa contorna:
- 5º nivel: Galán. O Pombal. O Pazo de Galán e o castro.
- 6º nivel: O nacemento de Manuel Murguía en Froxel.
- Participación por parte do 5º nivel no concurso de preguntas e respostas "A auga non para".
- Saída á Córdoba (Actividade enmarcada dentro das actividades Agrupación de centros 2022-2024)

PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES DO CENTRO

Colaboración nas distintas conmemoracións organizadas polo centro:

- Magosto
- Samaín
- Nadal
- Día da Paz
- Entroido
- Semana das Letras Galegas, etc.
- Participar nas actividades dos distintos Proxectos que hai no centro: Plan Proxecta, Contratos Programa, Programa de reparto de froita e leite, Plan de Blioteca, Agrupación de centros escolares.

FORMACIÓN DO PROFESORADO:

- Introducción e perfeccionamento ao EVA E-dixgal.
- De maneira individual realizaremos outros cursos de formación diversa, ofertados polo centro, de formación e recursos.

PLAN DE TRABALLO ANUAL DA BIBLIOTECA. ANO ACADÉMICO 2023 - 2024

- 1.- Actuacións en relación coa organización e xestión.
- 2.- Actuacións en relación á provisión de recursos e servizos bibliotecarios básicos.
- 3.- Actuacións en relación aos mecanismos para a difusión da información e espazos dixitais.
- 4.- Actuacións en relación á persoa designada como responsable da BE e o equipo de apoio.
- 5.- Actuacións en relación aos usos e horarios de apertura.
- 6.- Actuacións en relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado.
- 7.- Actuacións en relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (ou de uso e tratamento da información, incluída na actual competencia dixital)
- 8.- Actuacións en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro.
- 9.- Actuacións en relación outros proxectos e programas nos que está inmerso o centro.
- 10.- Criterios e procedementos de avaliación (dos servizos da biblioteca e da situación da lectura no centro, entre outros) Indicadores e instrumentos a utilizar.

- 1.- Actuacións en relación coa organización e xestión.

A lectura ten que estar presente en todos os recantos dun centro escolar, por eso a biblioteca escolar (en diante BE) do CEIP de Galán debe poñer especial interese en promocionar a mesma nas distintas dependencias do centro, sobre todo, en determinadas

zonas e espazos que resulten estratéxicos para aproximar a lectura ao alumnado, profesorado, familias así como ao resto da comunidade educativa.

O espazo por excelencia será a BE, a cal responderá as necesidades de todas as nosas alumnas e todos os nosos alumnos, tendo en conta a diversidade funcional coa que contamos no centro. Outro aspecto moi importante é que o espazo da BE sexa dinámico, que se axuste ás propostas e metodoloxías activas que nela se van desenvolver. Deste xeito e, a espera dunha reforma neste curso 2023 - 2024, a BIBLIOGALÁN conta cun:

- Recanto de lectura: este é o lugar de lectura principal e onde o alumnado desenvolverá as tarefas como documentación de proxectos, lectura informal, desenvolvemento de actividades, etc.
- Recanto para traballo: este espazo está composto por mesas e cadeiras de diferentes formas e tamaños para poder traballar en equipos ou de xeito individual nas tarefas propostas polo profesorado, etc.
- Recanto de libros de consulta: dedicaremos un espazo para todos os libros informativos, dicionarios, enciclopedias, etc. Un espazo moi importante na documentación de información e polo tanto, do proceso de ensino - aprendizaxe do noso alumnado.
- Recanto maker e dixital: este recanto estará formado por recursos dixitais como computador, tabletas, impresora en tres dimensións, material para o desenvolvemento do pensamento computacional, realidade aumentada, etc. así como fondos en diferentes formatos audiovisuais. Asemade, durante a apertura da BE nos recreos, cada día contamos cun recanto específico para traballar e experimentar con distintos materiais de índole artística, maker, dixital, etc.
- Recanto de creación audiovisual: aproveitando o espazo de pantalla e altosfalantes de cinema, e grazas á adquisición dun croma, temos proxectada a dedicación dun espazo para a creación e produción audiovisual.
- Recanto das nosas creacións: ano tras ano, o alumnado crea producións propias que teñen un espazo moi especial na BE do centro, como por exemplo, os cadernos viaxeiros do proxecto mochilas viaxeiras.

- Recanto LGTBIQ+, Axenda 2030, empoderamento da muller, etc.: espazo onde as nenas e nenos podan atopar un amplo catálogo de títulos que dean resposta a súa diversidade afectivo - sexual, lingüística, aos compromisos cun bo desenvolvemento sostible ou ao empoderamento da muller, entre outros. A BIBLIOGALÁN é un espazo seguro, libre e onde poder atopar referentes.
- BE de aula: todas as aulas do centro teñen unha selección de libros escollidos polo equipo da BE, en colaboración co profesorado implicado na docencia desa aula, para axustar ditos fondos aos intereses e proxectos levados a cabo na mesma. A BE de aula é totalmente flexible e está suxeita a cambio durante todo o curso escolar.
- Recanto na sala de mestras e mestres: contamos cun recanto para libros de consulta para o profesorado do centro. Un espazo no que poder recurrir para documentar as súas prácticas docentes ou atopar lecturas do seu interese.
- Recanto nos corredores: nos corredores levaranse a cabo espazos dedicados á lectura correspondentes con conmemoracións, o Proxecto Anual de Centro (en adiante PAC), etc.
- Recanto histórico: dentro do expurgo que se está efectuando, atopamos moito material de interese que recolleremos nun espazo especialmente habilitado no centro, para así darlle o valor, relevancia e importancia que merece.

No que respecta a automatización dos fondos, estase a empregar o Proxecto MEIGA, tendo persoas no equipo de apoio encargadas exclusivamente para dita tarefa. A catalogación elabórase pola CDU facilitada pola ABE (Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia). A comunidade educativa está formada dende inicio de curso para consultar todo o noso catálogo no blog da BE, na sección que temos destinada especificamente para iso.

En canto a organización e clasificación dos fondos bibliográficos e outros, está feita por un sistema de etiquetado de cores no lombo dos libros (idades, temáticas, etc.), o cal inclúe a CDU do libro, abreviatura do apelido da autora e do autor e do título do libro. Ademais, de incluír na primeira páxina o número de rexistro facilitando a súa sinxela localización no PROXECTO MEIGA para os empréstitos semanais, etc.

No referente aos empréstitos, todo o noso catálogo físico está dispoñible. Neste curso 2023 - 2024, os empréstitos rexistraranse empregando follas de cálculo en rede (compartida con todo o profesorado do centro) e realizado a decisión das titorías: alumnado, voluntariado, profesorado, equipo de BE, etc. Tamén contamos con follas de rexistro en rede para coñecer a ubicación dos distintos fondos, como é o caso de BE de aula, mochilas viaxeiras, exposicións temáticas temporais, etc.

Coa actual incorporación á rede de Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), este curso tamén formaremos parte do proxecto E-LBE.2 (lectura dixital para as BE) para a lectura e préstamo de contidos dixitais para todo o noso alumnado.

No que respecta á formación de persoas usuarias da BIBLIO GALÁN, levamos a cabo unhas sesións de formación inicial durante o mes de outubro para familias, alumnado, voluntarias e voluntarios, profesorado do centro e equipo da BE sobre o funcionamento, organización, equipamento, recursos, tarefas, uso do espazo, préstamos, etiquetado dos libros, etc. Para isto, empregamos unha presentación dixital, que despois figura como unha guía de usuario accesible para todas e todos no blog da BE.

Ademais, dende a BE ofrecemos a todo o profesorado do centro unha liña de formación a través do Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP), para coñecer de primeira man e dun xeito máis específico os recursos cos que contamos no espazo, así como novas tendencias metodolóxicas que axuden a todas as e todos os membros do claustro a desenvolver tarefas, actividades, proxectos, etc. que traballen os obxectivos e liñas recollidas nos distintos plans da BE como as alfabetizacións múltiples, competencias ALFIN/AMI, STEAM, promoción e fomento da lectura, así como outras propostas desenvoltas nas programacións didácticas e de aula. Noutro eido, a comunidade educativa tamén conta con formación específica relacionada co PAC con persoal experto, diferentes experiencias, etc. e que atopan na BE o punto de encontro, espazos, recursos, etc. para o seu desenvolvemento.

2.- Actuacións en relación á provisión de recursos e servizos bibliotecarios básicos.

Na que respecta á provisión de fondos, apostamos de xeito moi evidencial pola lingua galega, as causas sociais, o empoderamento feminino, a diversidade afectivo - sexual, os libros ilustrados, as editoriais e autoras e autores independentes, a ficción e literatura

infantil e prexjuvenil e os clásicos, libros informativos e documentais en distintos soportes que aseguren a súa accesibilidade. Todos os fondos, dende fai tres cursos, están xestionados desde a BE e centralizados nela, sen importar a súa localización noutros espazos. Para manter un mínimo de calidade tanto no estado dos libros como na súa temática, os fondos están en continua revisión e levando a cabo un expurgo segundo o recollido na Resolución do 20 de setembro de 2023 na que se ditan as instrucións para as BE para o curso 2023 - 2024 e por suposto, prestar especial atención ás suxestións de libros aportadas pola comunidade educativa a través dun formulario en rede no blog da BE.

En canto aos orzamentos e, a espera das dotacións económicas da rede PLAMBE, a aportación do centro é dun oito por cento (tres mil euros). A isto sumamos os orzamentos correspondentes a proxectos vinculados á BE como é o caso do PFPP para xogos de taboleiro e bibliografía variada, o Club de lectura, Arteixo Innovación, o Equipo de lingua estranxeira (Inglés), o Departamento de Orientación (DO) e outros equipos como o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), os cales destinan parte do seu presuposto para a compra de fondos bibliográficos do eido destes equipos.

3.- Actuacións en relación aos mecanismos para a difusión da información e espazos dixitais.

Que a nosa comunidade educativa coñeza todas as propostas, actividades ou tarefas que estamos a desenvolver na BE é primordial. Contamos cun blog con actualizacións regulares que ademais, na páxina web do centro duplica as súas entradas máis relevantes. Os avisos de certa importancia tamén se levan a cabo a través de AbalarMóbil e temos en marcha a creación de redes sociais (X, Instagram ou TikTok), para que a difusión chegue aun maior número de persoas usuarias da BIBLIOGALÁN ou de a quen lle poida resultar de interese.

4.- Actuacións en relación á persoa designada como responsable da BE e o equipo de apoio.

O equipo de BE está composto polo coordinador Diego Rúa Romero (mestre no primeiro ciclo de EP e coordinador de varias liñas do PFPP) e un equipo de apoio formado por María Belén Vázquez Lorenzo (mestra e coordinadora do terceiro ciclo de EP), Mónica Rodríguez Martínez (mestra de Inglés en EP), Lucía Pájaro López (mestra e coordinadora do ciclo de

Educación Infantil), Clara Cabello Gálvez (orientadora e xefa de estudos), Eva Raquel Guimarey Cedeira (mestra en terceiro ciclo de EP e coordinadora do programa Abalar/Edixgal), Inmaculada Sánchez Sánchez (mestra de inglés en EI e EP e coordinadora da sección bilingüe e o programa de auxiliares de conversa), María del Carmen Fernández Pardiñas (mestra en primeiro ciclo de EP), Pilar Chao Valle (mestra de AL e coordinadora do EDLG) e Cristina González González (mestra de EI e membro do equipo TIC). Un equipo interdisciplinar, activo, estable e comprometido, que forma parte de diversas formacións directamente relacionadas co mundo das BE e que ten en conta as propostas que as compañeiras e compañeiros do centro propoñen. A coordinación e comunicación é continua e directa, a través de mensaxería instantánea, enderezo electrónico e as reunións mensuais, levadas a cabo desde o mes de setembro ata o mes de maio, os terceiros luns de cada mes e nas que se levanta acta das decisións adoptadas entre todas e todos. De igual xeito, a organización de tarefas, etc. lévanse a cabo por medio da plataforma en rede de traballo colaborativa Google Drive.

Para o bo desempeño de todas as tarefas deseñadas e propostas neste documento, todos os membros do equipo teñen unha hora de coordinación dentro do seu horario lectivo e o coordinador, un total de cinco horas lectivas.

Ademais do equipo de apoio, contamos cun grupo específico de colaboración de alumnado voluntario de quinto e sexto de EP o cal é unha peza imprescindible á hora de poñer en práctica e desenvolver moitas das actividades ou na boa xestión do día a día na BE.

Por último, o coordinador da BE formará parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e na constituída Comisión de Biblioteca no seo do Consello Escolar.

5.- Actuacións en relación aos usos e horarios de apertura.

Todas as etapas e os niveis educativos do centro contarán cunha hora semanal á súa disposición para asistir á BE coa dispoñibilidade e exclusividade total do espazo e de todos os seus recursos para facer os préstamos de alumnado, documentar proxectos ou levar a cabo diferentes actividades que precisen dos recursos e dos espazos dispoñibles.

Ademais, a BE estará aberta durante o recreo os cinco días da semana, cun control de aforo e de recursos organizado por colgantes, coa presenza do alumnado voluntario e dun membro do equipo de apoio, na que se levarán a cabo distintos obradoiros mensuais vinculados ao fomento da lectura, o mundo maker, a creatividade, o xogo, as conmemoracións de relevancia para o centro e o proxecto, etc. Asemade, tamén ofrece un servizo de tarde para alumnado, de luns a xoves, en horario de catro a seis e dous venres ao mes para préstamos en familia ou consultas dos noso fondos documentais e bibliográficos, tamén no mesmo horario.

Por último, a nosa BE tamén será o espazo no que celebraremos moitas das sesións dos clubs de lectura de alumnado (quinto e sexto de EP) e de profesorado, que este ano inclúe ás compañeiras dos centros adscritos de EEI de Barrionovo e EEI de Vilarrodís - Oseiro e cos colaboración da biblioteca municipal de Arteixo.

6.- Actuacións en relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado.

O desenvolvemento dos currículos educativos no noso espazo é un punto importante no proxecto da mesma. Para tal fin, contamos cunha dotación de libros formativos, informativos e documentais (alumnado e profesorado) que dean soporte ao desenvolvemento dos proxectos, actividades, tarefas, etc. de todas as titorías do centro. Ademais, facilitamos unha hora para cada mestra e mestre para poder asistir ao espazo e poder empregar os distintos recursos que nela se atopan, poder axudar ao desenvolvemento das súas programacións didácticas e programacións de aula. Destacamos as tabletas, computadores, lapis dixitais, material de pensamento computacional, xogos de taboleiro, etc.

A posibilidade de que todo o noso alumnado poda acceder a unha grande variedade de recursos materiais é unha ferramenta ideal para que a BIBLIOGALÁN compense as distintas desigualdades sociais que podan xurdir e, máis en centros de alumnado tan diverso como é o noso caso. A apertura da BE en outros momentos ademais da hora da titoría, como é o recreo ou as tardes, tamén é unha ocasión ideal para facilitar o acceso a todas e todos. E como non, no que respecta a atención á diversidade, sexan cales sexan os

ritmos, estilos e preferencias de aprendizaxe, as alumnas e os alumnos sempre atoparán na BE un espazo seguro, libre e cheo de oportunidades para desenvolver os súas fortalezas e talentos.

7.- Actuacións en relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (ou de uso e tratamento da información, incluída na actual competencia dixital)

A formación para o uso, tratamento e produción da información é un aspecto primordial á hora de desenvolver as competencias ALFIN/AMI e son as propias titorías as que, nos seus horarios correspondentes, están a desenvolver diferentes actividades para a formación da mesma. Ademais, a formación de persoas usuarias inicial, así como a específica para alumnado voluntario, ten especial destaque este proceso. A dotación actual de recursos facilita isto, igual que o PFPP e a formación en ditos recursos os cales, na súa posta en práctica, desenvolven este tipo de competencias

Durante este curso, dentro da liña de PFPP destinada a BE, levaremos a cabo formación específica no desenvolvemento das competencias ALFIN/AMI, á súa vez e a un mesmo tempo, continuaremos a facilitar a todo o noso alumnado as ferramentas necesarias para asegurar o correcto traballo da mesma como é o caso de fondos documentais - informativos, tabletas, computadores, etc. é horario específico para cada titoría para poder desenvolver ditas tarefas. Ademais, unha das medidas a mellorar é a elaboración de diferentes propostas que, vinculadas ao PAC (para este curso de diversidade cultural), aborden este tipo de competencias a partir de libros relacionados co mundo da arte, ciencia, filosofía, etc.

8.- Actuacións en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro.

A BE propón sempre unha serie de lecturas para os tempos de ler nos seus expositores. Estas desenvólvense de distinto xeito, por exemplo, con lectura compartida, individual, colectiva, etc. Ademais, establecemos as actividades como Contos na lareira para que calquera persoa da nosa comunidade educativa asista a contar historias, ler contos, etc. lecturas por parte do noso propio alumnado no que cada día, alumnas e alumnos de calquera etapa educativa, participan nos momentos de ler doutras titorías. E por último,

apertura da BE nos recreos con obradoiros e actividades con soportes variados como tabletas, lapis dixitais, computador, etc.

Dende o equipo de BE sempre procuramos, na formación de persoas usuarias, que despois das súas lecturas diarias, teñan un tempo dedicado a análise, reflexión e valoración das lecturas. Tamén é importante atender as distintas solicitudes que se fan para este tipo de actividades, as cales, en moitas ocasións dan soporte a distintas conmemoracións, actividades ou situacións de especial relevancia para esas titorías nun determinado momento.

9.- Actuacións en relación outros proxectos e programas nos que está inmerso o centro.

Ademais de todo o exposto anteriormente, a BE facilita o desenvolvemento de todos os proxectos, actividades e tarefas que no centro e titorías estanse a traballar coa dotación e formación nos recursos que estas precisen e soliciten (fondos bibliográficos, recursos STEAM, obradoiros e formacións, etc.) polo tanto, a BE colabora aportando fondos documentais, temáticos ou obradoiros e formacións ao alumnado, ás familias, etc. a proxectos do centro nos que estamos a participar, á sección bilingüe ata o primeiro nivel do segundo ciclo de EP), a auxiliar de conversa, a Voz Natura, ao programa de Abalar/E-dixgal, ao Proxecta + de alimentación, ao Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), ao Plan Director para a convivencia nos centros e os contratos - programa Inclúe, na actuación de Emociona-t entre outros.

10.- Criterios e procedementos de avaliación (dos servizos da biblioteca e da situación da lectura no centro, entre outros) Indicadores e instrumentos a utilizar.

Todo proceso precisa dunha avaliación para poder establecer unha serie de melloras para vindeiros cursos. Por iso, é importante contar coa opinión das persoas usuarias da BE como é o caso de alumnado, profesorado e familias, as cales, a través de formularios en rede publicados no blog, valoran os indicadores relacionados cas instalacións da BE (espazo, recantos, accesibilidade), fondos bibliográficos (accesibilidade, calidade, compensación, referentes sociais, empréstitos, etc., outros recursos (estado, emprego, formación, etc.), organización (horario, etc.), difusión das actividades (dinamización, blog, etc.), comunidade educativa (familias, etc.), formación de persoas usuarias (voluntariado, formación, etc.)

actividades desenvoltas (mochilas viaxeiras, contos na lareira, animación á lectura, axuste, vinculación curricular, etc.) e club de lectura (lecturas, sesións, propostas, etc.)

Con esta información e a partires deste punto, comezamos a plantexar as liñas de traballo do próximo curso co fin de facer da BIBLOGALÁN un punto de encontro, un encontro coa información, coas historias, coa vida, en definitiva, coa liberdade.

PROXECTO PARA O FOMENTO DO USO DO GALEGO CURSO 2023-24

1. INTRODUCCIÓN.

Seguindo o decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no artigo 5, define o galego como a "lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Por tal motivo, está constituído o equipo de dinamización da lingua galega (E.D.L.G. en adiante), coa finalidade para potenciar o uso do noso idioma e o coñecemento da cultura e identidade propia no CEIP de Galán, en Oseiro-Arteixo (A Coruña).

Este equipo de dinamización elaborará un programa de actividades de fomento da nosa lingua, no marco do Proxecto Lingüístico de Centro que se renovará neste curso, e contando coa participación de toda a comunidade educativa, con especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento do uso do galego tanto na actividade cotiá da aula como nas actividades extraescolares e complementarias; poñendo en valor a nosa contorna e fomentando o coñecemento do patrimonio cultural, artístico e medioambiental máis próximo.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega deste curso está constituído por: María Jesús Pombo López (titora de 4ºB, coordinadora de Voz Natura e secretaria), Irene Chenlo Alonso (titora de 5ºC), María Jesús Molezún Bustamante, (titora de 6º B), Andrés Muñiz Vena (titor de 5ºA e mestre de inglés e seccións bilingües de 1º ciclo), Miguel Ángel Mira Rey (titor de 2ºB e coordinador do Plan Proxecta "Aliméntate ben" e da agrupación de

centros escolares "Activos por la inclusión") e Pilar Chao Valle (especialista en Audición e Linguaxe, que exercerá de coordinadora do Equipo).

O Equipo manterá unha xuntanza mensual, como mínimo, preferentemente o último luns de cada mes, de 16 a 17 horas, e reunirse cando sexa preciso para concretar os obxectivos e actividades a desenvolver ao longo o curso. Así mesmo, a coordinadora establecerá as reunións oportunas cos coordinadores e coordinadoras dos Equipos de Biblioteca, do que forma parte, Actividades Complementarias e Extraescolares, Tics, Voz Natura e plan proxecta "Aliméntate ben", no caso da súa nova concesión neste curso, para establecer liñas de actuacións comúns, así como doutros proxectos e Plans de formación solicitados polo centro e aínda por concretar.

Para a programación anual partimos das necesidades detectadas, dos obxectivos propostos no curso pasado que non foron acadados na súa totalidade, e das propostas de mellora elaboradas que figuran na memoria do E.D.L.G. do curso anterior. Manteremos as actividades que tiveron maior aceptación e contribuíron a mellorar a percepción do galego e a nosa cultura na comunidade escolar. Tamén será prioritario desenvolver actividades relacionadas co Proxecto Anual do Centro, enmarcado neste curso na inclusión educativa e diversidade cultural.

2. VALORACIÓN DA PROGRAMACIÓN PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA REALIZADA NO CURSO ANTERIOR.

Consideramos necesario retomar os obxectivos que non puideron levarse a cabo nos cursos anteriores e dar continuidade a actividades que nos permitan xuntanzas da comunidade educativa entre si e cos distintos centros da contorna (escolas adscritas, concello,...)

Colaboraremos coas actividades propostas polo Equipo de Biblioteca, co que traballaremos estreitamente, e Voz Natura (retomando actividades relacionadas coa natureza e no coñecemento e recoñecemento das árbores e paisaxes da nosa contorna próxima), así como demais Equipos de Centro e implicándonos co Plan Proxecta

“Aliméntate ben”, colaborando na difusión de hábitos de vida saudables e co léxico relacionado das froitas e verduras en lingua galegas, receitas típicas...

Serán obxectivos prioritarios elaborar o Plan lingüístico de centro, tendo en conta a nova lexislación, así como favorecer a inclusión educativa de todo o alumnado, facilitando a súa participación nas actividades e o seu achegamento á lingua e culturas galegas e dando a coñecer a diversidade cultural do centro. Colaboraremos con Educación Infantil para o desenvolvemento dun programa de estimulación da linguaxe oral en lingua galega.

Farase fincapé na conveniencia da realización de mais actividades para fomentar a expresión oral e escrita en galego debido a que este é o aspecto que presenta maior dificultade no alumnado e deseñar novas actividades para dar valor tanto á cultura como tradicións galegas. Seguiremos a contribuír na dotación da biblioteca de fondos en lingua galega, especialmente os que contribúan ao fomento de valores, á inclusión e poñer en valor a diversidade. Así mesmo, materiais para dar a coñecer a figura de autores e autoras relevantes da nosa cultura e folclore, tanto clásicos coma contemporáneos, convidando a persoas do mundo da literatura a charlas e contacontos no centro, en colaboración co Equipo de Biblioteca.

3.- BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

A escola é un elemento de integración social e cultural de primeiro orde, polo tanto é moi importante ter en conta o contexto lingüístico do noso centro.

a.- Contorno sociolingüístico do centro.

O CEIP Galán está situado na parroquia de San Tirso de Oseiro, no Concello de Arteixo, sendo unha das súas trece parroquias. As áreas de influencia serían Suevos, Uxes, Oseiro, Rañobre, Pastoriza e Vilarrodís. Contamos con dúas escolas de infantil adscritas: Escola de Infantil de Barrionovo e a Escola de Infantil de Vilarrodís. O C.E.I.P Galán está adscrito ao I.E.S Pastoriza. Dada a casuística do centro, hai unha grande mobilidade do alumnado con novas incorporacións ou traslados ao longo de todo o curso. Destacar a incorporación de moito alumnado procedente do estranxeiro (países latinoamericanos,

africanos, Europa do leste...) que presentan descoñecemento da Lingua Galega. O concello de Arteixo atópase preto da cidade da Coruña e da súa área de influencia. Sinalar que o noso alumnado escolarizado procede, na súa maioría, dun entorno castelán-falante, o que implica que a nivel lingüístico a lingua empregada habitualmente sexa o castelán. Tamén hai unha presenza significativa de alumnado procedente doutros países (tanto de procedencia hispano falante como doutros países con descoñecemento tanto do castelán coma do galego). Aínda así, hai que subliñar que ámbalas dúas linguas conviven tanto na escola como a nivel familiar e noutros momentos da vida cotiá (rúa, xardíns, colexio, compras,..), con supremacía no uso espontáneo do castelán.

b.- Situación actual do profesorado.

O profesorado que desenvolve a súa labor educativa neste centro utiliza indistintamente ambas linguas, algúns mestres empregan maioritariamente o galego, aínda que son unha menor porcentaxe do claustro. Actualmente, a maior parte do profesorado do centro é definitivo neste. O feito de ter certa predominancia do castelán non implica en ningún caso unha actitude desfavorable cara ao galego e á súa normalización lingüística, todo o contrario, de feito maniféstase unha boa disposición á potenciación da lingua galega e á adquisición dun grao de coñecemento e dominio que posibilite o seu emprego dun xeito espontáneo e fluído en tódalas situacións. Participando nas actividades e propostas realizadas pola coordinadora galega de equipos de Normalización e Dinamización Lingüística e propostas que veñen desde o Equipo de Biblioteca e resto de Equipos, que empregan preferentemente o idioma galego.

Por outra banda, a instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, establece que no ensino primario, o alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio da lingua que teña o alumnado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición das dúas linguas oficiais en igualdade. A avaliación realizarase conforme cos criterios do correspondente currículo, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos de cada materia.

DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS

1º Educación Primaria.

GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
3 Ciencias da Natureza.	4 Lingua Castelá e Literatura.	1 Educación Plástica e Visual.
2 Ciencias Sociais.	5 Matemáticas.	2 Lingua Estranxeira (Inglés).
4 Lingua Galega e Literatura.	2 Educación Física.	
1 Música e Danza.		
1 Relixión/Proxecto Competencial		
Total: 11 horas	Total : 11 horas	Total: 3

2º Educación Primaria.

GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
2 Ciencias da Natureza.	4 Lingua Castelá e Literatura.	1 Educación Artística: Plástica.
3 Ciencias Sociais.	5 Matemáticas.	2 Lingua Estranxeira (Inglés)
4 Lingua Galega e Literatura.	2 Educación Física	
1 Educación Artística: Música.		
1 Relixión/Proxecto Competencial		
Total: 11 horas	Total : 11 horas	Total: 3

3º Educación Primaria.

GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
3 Ciencias da Natureza.	4 Lingua Castelá e Literatura.	3 Lingua Estranxeira (Inglés).
2 Ciencias Sociais.	4 Matemáticas.	1 Educación Plástica e Visual.
4 Lingua Galega e Literatura.	2 Educación Física.	
1 Música e Danza		
1 Relixión/Proxecto Competencial		
Total: 11 horas	Total : 10 horas	Total: 4

4º Educación Primaria.

GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
2 Ciencias da Natureza.	4 Lingua Castelá e Literatura.	3 Lingua Estranxeira (Inglés).
2 Ciencias Sociais.	4 Matemáticas.	
4 Lingua Galega e Literatura.	2 Educación Física.	
1 Música e Danza	1 Educación Plástica e visual	
1 Relixión/Proxecto competencial		
Total: 11 horas	Total : 11 horas	Total: 3

5º Educación Primaria.

GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
3 Ciencias da Natureza.	4 Lingua Castelá e Literatura.	3 Lingua Estranxeira (Inglés)
2 Ciencias Sociais.	4 Matemáticas.	
4 Lingua Galega e Literatura.	2 Educación Física.	
1 Música e Danza.	1 Educación Plástica e Visual.	
1 Relixión/Proxecto Competencial		
Total: 11 horas	Total : 11 horas	Total: 3

6º Educación Primaria.

GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
2 Ciencias da Natureza.	4 Lingua Castelá e Literatura.	3 Lingua Estranxeira (Inglés).
2 Ciencias Sociais.	4 Matemáticas.	
4 Lingua Galega e Literatura.	2 Educación Física.	
1 Música e danza.	1 h Educación artística: Plástica	
1 Relixión/Proxecto Competencial		
1 Educación en Valores Cívicos e Éticos.		
Total: 11 horas	Total : 11 horas	Total: 3

Temos as seccións bilingües en 1º e 2º de E.P. (educación plástica e visual) e neste curso incorpórase a sección bilingüe ao 3º nivel de E.P (educación artística: plástica).

c.- Situación actual do alumnado.

O alumnado inmerso neste contorno sociolingüístico é, consecuentemente e na súa maioría, castelán- falante, segundo nos indican as enquisas, manténdose a mesma duplicidade lingüística xa constatada noutros apartados, é dicir, a utilización de ámbalas dúas linguas, nos distintos momentos da vida escolar e familiar con supremacía do castelán.

Tendo en conta a *Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza sobre este*, tal como se establece nesta, consideraremos na programación anual do centro o resultado da pregunta mencionada, a realidade sociolingüística do contorno e a garantía da presenza das linguas cooficiais como vehiculares e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas linguas.

Así as cousas, sendo o castelán a lingua maioritaria do alumnado, será necesaria unha presenza importante do galego dende o inicio da escolaridade. Polo tanto, para conseguir o dominio progresivo das dúas linguas, o galego será introducido dende o comezo do cuarto curso de educación infantil, de xeito que os alumnos e alumnas se acostumen a escoitar abundantes mensaxes orais nesta lingua por parte do profesorado, sen forzar en ningún momento a lingua de expresión do alumnado. Ademais das interaccións orais profesorado-alumnado, outras actividades importantes que permitirán introducir o galego nas aulas de educación infantil dun xeito lúdico e motivador son os contos e as cancións. Para isto, será importante dotar ao centro cunha biblioteca de materiais para este fin, así como as bibliotecas de aula, tendo en conta a atención á diversidade.

d.- Situación ambiental lingüística do centro.

En xeral, valorando todos os datos expostos nos apartados anteriores, pódese dicir que a situación lingüística do centro mostra unha convivencia da lingua galega e castelá,

agás loricamente na aprendizaxe das áreas sinaladas por lei, nas conmemoracións, na realización de traballos para a súa exposición, tanto oral como escrita, e nas comunicacións, do centro con outras institucións e coas familias onde se utiliza sempre o galego; co que pretendemos apoiar a nosa lingua fronte a un entorno maioritariamente castelán falante, avogando polo bilingüismo, coñecemento e uso de ambas linguas por parte de toda a comunidade educativa. Hai que facer constar que a ANPA nos seus comunicados utiliza o castelán ou o galego, e a nivel oral tamén alterna o galego e o castelán dun xeito espontáneo. Nas actividades que se desenvolven no centro pola tarde, tamén existe unha convivencia espontánea e harmónica das dúas linguas.

4. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

OBXECTIVOS:

O **obxectivo xeral** é *fomentar o uso do galego no noso centro educativo coa implicación dos membros da comunidade educativa contribuíndo deste xeito á creación dunha actitude positiva no que abrangue a nosa lingua propia e á dinamización lingüística do contexto*. Para acadar este obxectivo, teremos presentes os seguintes obxectivos específicos:

A) Obxectivos para a potenciación do galego no contorno sociolingüístico.

1-Difundir a lingua e a cultura galega no entorno, constituíndose o centro como axente dinamizador e divulgador no propio centro e de cara aos axentes externos.

2-Colaborar no mantemento e actualización da páxina web do centro que recolle blogs, traballos do alumnado, fotografías e vídeos das actividades desenvoltas.

3-Participar e colaborar nas actividades de dinamización lingüística do Concello de Arteixo, potenciando a participación do alumnado e con calquera outra actividade promovida durante o curso por outros organismos, entidades e asociacións.

B) Obxectivos para a potenciación do galego entre o profesorado.

1-Difundir material didáctico elaborado polos distintos seminarios en galego (seminario de Galán) recursos da rede e polo EDLG.

2- Informar sobre a lexislación vixente en materia lingüística.

3- Difundir os fondos fonográficos e videográficos en galego entre o profesorado e o alumnado.

4- Manter ao profesorado informado das iniciativas, cursos e charlas para fomentar o uso da lingua galega postas en marcha polo Concello e outros organismos e fomentar a súa participación.

5- Acadar un bo dominio da lingua galega que nos faculte, non só para impartir a docencia nesa lingua, senón tamén para incorporala á nosa vida cotiá, dun xeito paralelo á lingua castelá, e usala con espontaneidade nas conversas e na escrita.

C) Obxectivos para a potenciación do galego no alumnado.

1- Manter tradicións de orixe galega: MAGOSTO, SAMAIN, ENTROIDO, OS MAIOS,...

2- Divulgar información sobre autores e autoras galegas e participar nas conmemoracións destacables relacionadas coa atención á diversidade e inclusión educativa.

3- Propiciar a creación literaria en galego, favorecendo a realización de actividades e traballos grupais na nosa lingua, en prol de favorecer o coñecemento e respecto da nosa cultura e tradicións.

4- Conmemorar o **Día de Rosalía de Castro**, destacando a súa figura e obra.

5- Dar a coñecer á comunidade escolar a figura, vida e a obra da persoa homenaxeada no **Día das Letras Galegas de 2024, Luisa Villalta**.

6- Difundir a conmemoración do Día das Letras e da vida e a obra da persoa homenaxeada: Luisa Villalta.

7- Estimular a lectura de libros en galego, difundir novidades editoriais de interese e o coñecemento de autores galegos contemporáneos e clásicos.

8- Dar a coñecer a lingua galega entre o alumnado estranxeiro e procurar material de apoio para este alumnado.

9- Fomentar a transmisión oral de contos en galego entre o alumnado de Ed. Infantil e Primaria, en colaboración co Equipo de Biblioteca e comunidade educativa.

10- Fomentar o interese pola audición de música galega, en colaboración coa mestra de Educación Musical.

D) Obxectivos para a potenciación do galego no centro.

1- Dotar de dicionarios, libros en galego e outro material bibliográfico ou informático ao centro.

2- Potenciar as actividades artísticas en lingua galega.

3-Fomentar o uso de sistemas operativos en galego nos ordenadores, tabletas electrónicas e outros dispositivos do centro, en colaboración co Equipo de Tics.

4- Implicar a toda a comunidade educativa na elaboración e seguimento do Plan Lingüístico de Centro.

ACTIVIDADES

A) Actividades para a potenciación do galego no contorno sociolingüístico.

- Intercambio de experiencias con todo tipo de organismos e centros que teñan o galego como lingua habitual.

- Elaborar o Proxecto Lingüístico de Centro.

- Elaboración dun almanaque de centro tendo en conta o Proxecto Anual de Centro proposto, este ano centrado na diversidade cultural.

- Difusión das actividades do Equipo de Dinamización da Lingua Galega mediante a web e blogs do centro e outras web: Coordinadora dos Equipos (www.lingua.gal), Concello...

- Mantemento dun contacto e colaboración con outros centros educativos e organismos cos que compartir este obxectivo común e que desenvolven actividades empregando como lingua vehicular o galego e relacionadas coa nosa cultura e as nosas letras: Bibliotecas Municipais, Seminarios de Galego, Museos, Concello... empregando as TIC.

B) Actividades para a potenciación do galego entre o profesorado.

- Difusión materiais en galego de carácter bibliográfico, audiovisual e para a realización de actividades de tradición galega.
- Establecemento de contactos con outros centros escolares e institucións ou organismos que teñan tamén como obxectivo a dinamización do galego: Gabinete de normalización lingüística, Seminarios de Galego, Concello...
- Entrega de documentación que incide no uso da lingua galega (lexislación vixente, situación sociolingüística do centro e decisións adoptadas con respecto ao uso da lingua de acordo coa actual normativa).
- Suxestións á biblioteca para a ampliación da fonoteca con publicacións en lingua galega e difundir fondos videográficos en galego.
- Envío de correos electrónicos periódicos coa información de cursos, materiais, concursos, actividades innovadoras...
- Elaboración de novas con enlaces de interese para fomentar o uso de recursos da rede que fomenten o uso do galego e que leven a cabo proxectos onde o principal contido sexa o noso idioma e cultura, a nosa tradición e obra literaria e artística.

C) Actividades para a potenciación do galego no alumnado.

- Elaboración e difusión de material didáctico sobre festividades ou conmemoracións para o profesorado e alumnado de infantil e primaria, en colaboración co EACE e o Equipo de biblioteca.
- Elaboración de contos e relatos, narrar historias ou recitar poemas, por parte do alumnado en colaboración cos mestres ou coas súas familias, para compartir coa comunidade educativa.
- Certames literarios e poéticos, en colaboración coa Biblioteca, na nosa lingua.
- Interacción entre as distintas aulas e con outros organismos a través de textos e debuxos, envío de vídeos, correos electrónicos...
- Participación co resto de Equipos do centro nas conmemoracións sinaladas: Día da árbore, Día do libro, Semana da prensa, Día da muller... tendo en conta especialmente a

implicación en aquelas que contribúan a sensibilizar sobre a inclusión educativa e atención a diversidade cultural.

- Elaboración de material para fomentar a comprensión lectora en galego na educación primaria.
- Elaboración de material para facilitar o achegamento á lingua galega por parte de alumnado procedente doutras comunidades ou países.
- Participación no concurso do concello sobre Rosalía de Castro e no Certame de Poesía do centro para conmemorar esta data.
- Difusión da vida e obra de Rosalía de Castro nas aulas, sumándonos a iniciativa promovida pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) realizando actividades ao redor desta autora galega.
- Difusión da vida e obra entre o alumnado dos diferentes niveis de educación infantil e primaria.
- Exposicións de aula e exposicións grupais sobre o significado do Día das Letras, a biografía da autora, en colaboración co EACE e Equipo de Biblioteca.
- Participación a nivel de centro en concursos, apadriñamentos lectores ou festivais e outras actividades en prol da lingua galega para conmemorar a Semana das Letras.
- Campañas de Animación e fomento da lectura en lingua galega, en colaboración co Equipo de Biblioteca, dotando ás aulas de fondo bibliográfico en galego e tendo presente o galego nas suxestións lectoras do Plan Lector do centro.
- Realización de sesións de contacontos ou apadriñamento lector, en colaboración cos Equipos do centro, entre o alumnado da propia aula e animación á lectura empregando ás TIC para o alumnado dando a coñecer tradicións galegas.
- En colaboración co Equipo da Biblioteca, elaborar recomendación lectoras para os distintos niveis do centro (educación infantil e primaria), incluíndo diversas temáticas en galego: novidades editoriais, fomento de valores, lecturas inclusivas, lecturas sobre figuras relevantes galegas,...

- Adquisición de manuais, dicionarios visuais e material informático interactivo para axudar ao alumnado procedente doutras comunidades ou países, en función da tipoloxía do alumando e procedencia.
- Colaboración coas sesións de contacontos promovidas desde o Equipo de Biblioteca.
- Lecturas colectivas e colaborativas de contos, poesía, teatro... en galego en cada aula coa opción de seren gravadas para compartir coa comunidade educativa.
- Envío de cancións e proposta de mercar material e libros musicados para a biblioteca, incluíndo nas recomendacións lectoras algunha suxestión musical.
- Suxestións e elaboración de materiais para o programa de estimulación da linguaxe en E.I.

D) Actividades para a potenciación do galego no centro.

- Suxestións para o Equipo de Biblioteca para mercar novos materiais e novidades editoriais (cómic, libros, contos,..).
- Colaboración na preparación de actividades que se celebren no centro.
- Modificación do idioma dos sistemas operativos, sempre que sexa posible, a galego.
- Revisións de propostas que nos permitan elaborar o Plan adaptado a realidade actual do noso centro.
- Elaboración do propio Plan seguindo a normativa vixente.

A nosa proposta pode sufrir cambios durante o curso, aproveitando todas as oportunidades e actividades que poidan xurdir en relación ao fomento do uso e disfrute da nosa lingua e da colaboración cos outros equipos de centro ou entidades, así como dos proxectos solicitados nos que finalmente formemos parte. O CEIP de Galán forma parte do proxecto EDIXGAL e participa da iniciativa "Arteixo Innovación" polo que será obxectivo aproveitar os medios tecnolóxicos e dixitais para achegarlles os contidos da lingua e literatura galegas.

PLAN TICs

Coordinadora: María Berini Pita da Veiga

Membros do equipo:

Óscar Manuel Castro Calvo

Suzana Martins Esteves

M^a Carmen Facal Traba

María Dolores Macenlle

Cristina González González

M^a Concepción Sánchez Vaamonde

Obxectivos para o curso 2023-2024:

- Continuar a transformación da aula de informática nun obradoiro tecnolóxico, onde traballar de xeito flexible, dinámico e por recunchos, co material adquirido nos últimos cursos.
- Aumentar o número de membros do equipo TIC, pois é necesario máis profesorado para impulsar o uso da tecnoloxía no centro
- Afondar na formación do profesorado, mantendo o PFPP das TIC.
- Participar no seguinte programa de “Arteixo Innovación” co fin de dotar á etapa de Educación Infantil de material de robótica, ademais de renovar os PC da sala do profesorado e algúns portátiles de aula.
- Elaborar un proxecto concreto para o desenvolvemento de actividades de robótica nas aulas: neste sentido, sería preciso organizar unha presentación do material dispoñible ao resto do profesorado, contar cun dinamizador en cada ciclo e concretar o material específico co que se traballaría en cada nivel.
- Continuar mellorando o sistema de xestión das fotografías, centralizando nun ordenador da sala do profesorado aquelas que non se tomaran coa cámara réflex do centro. Tentar facer unha listaxe ordenada dos membros do equipo TIC para que sexan eles os que tomen as fotografías, segundo dispoñibilidade horaria.
- Dinamizar os blogues do centro: Voz Natura, Plan-Proxecta e os da biblioteca.
- Elaborar un inventario conciso do material de robótica dispoñible, ao que teña acceso todo o claustro

- Facer inventario dos proxectores e taboleiros dixitais retirados, a meirande parte deles aínda en bo estado, co fin de reempregalos noutros espazos, como as aulas de especialidades ou no pavillón de EF
- Estudar a posibilidade de abrir un novo espazo para os recreos no obradoiro tecnolóxico, seguindo o exemplo da biblioteca.
- Estudar a posible participación no programa “Polos creativos”, co fin de adquirir mobiliario axeitado para o novo obradoiro tecnolóxico. Estudar tamén a posible instalación de tarima flotante, de acordo co uso dinámico que se lle vai dar a este novo espazo.

PLAN DO EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (EACE)

Dentro do equipo EACE inclúese o proxecto Voz Natura, quedando constituído polos seguintes integrantes:

- Irene Chenlo Alonso (Voz Natura)
- Francisco León Martínez
- Laura López López (Tamén en Voz Natura)
- María Jesús Martínez Guntín (Tamén en Voz Natura)
- María Isabel Mosquera Soto (Tamén en Voz Natura)
- Andrés Muñiz Vena
- Sandra Outón López (Coordinadora)
- Miriam Pardo Carneiro
- María Jesús Pombo López (Voz Natura)
- Mónica Rodríguez Martínez (Voz Natura)
- María Concepción Sánchez Vaamonde

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES PARA O CURSO

- 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero
- Do 28 de novembro de 2023 ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
- 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
- Do 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.
- De conformidade co establecido no artigo 26,2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán

actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

FESTIVAIS

Coincidindo con diversas celebracións e coa colaboración do profesorado do centro, tamén se farán diferentes celebracións ao longo do curso:

- Samaín
- Magosto
- Nadal
- Carreira de campo a través Xogade
- Xogos entre profesorado e alumnado
- Actividade de orientación
- Letras galegas
- Fin de curso
- Xogos da Auga
- Os Maíos

SAÍDAS E ACTIVIDADES FÓRA DO CENTRO

Cada nivel estudará a relación de actividades e saídas escolares que consideren oportuno realizar fóra do centro. Enviarase unha autorización ás familias por cada saída que se realice que deberán devolvela asinada ao profesorado titor. As familias abonarán as saídas que non sexan gratuítas, entradas e transporte.

ACTIVIDADES DENTRO DO CENTRO

O equipo EACE propoñerá distintas actividades ao longo do curso para que se realicen nos distintos niveis. Desde a materia de educación musical organizarase un taller de repercusión.

ACTIVIDADES PROPOSTAS POLO CONCELLO

O Concello de Arteixo adoita propoñer actividades ao centro. Cada nivel estudará a súa participación ou non en cada unha delas, valorando a adecuación pedagóxica.

ACTIVIDADES PROPOSTAS POLO CENTRO COMERCIAL ABERTO DE ARTEIXO

Participación de xeito voluntario por titorías e con autorización das familias, no proxecto solidario de realizar postais de Nadal.

Ademais de todas as actividades nomeadas, o centro ou por niveis, poderanse levar a cabo outras actividades ou festivais que xurdan ou sexan propostas e que se consideren importantes e con interese educativo.

DECORACIÓN TEMÁTICA

Decoración temática dos corredores en función das distintas festividades, celebracións ou épocas do ano, promovendo a participación das diferentes aulas.

OUTRAS

- Plan Director para a convivencia para 5º e 6º .
- Concertos da Orquestra Sinfónica de Galicia.
- Colaboracións con ONGs (recollida de roupa e alimentos)

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O funcionamento do Departamento de Orientación seguirá as directrices establecidas no PXAD.

APOIOS PROFESORADO ESPECIALISTA

Neste curso empezamos cos apoios do profesorado especialista e profesorado con dispoñibilidade horaria dende o inicio do curso.

Os apoios no CEIP de Galán realizaranse na aula ordinaria seguindo as directrices da lexislación vixente, promovendo, deste xeito, a coordinación entre o profesorado titor e o profesorado especialista e, a inclusión do alumnado con necesidades educativas, segundo o marco educativo do Deseño Universal de Aprendizaxe.

A atención docente directa por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe realizarase, será, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado ao que apoia.

Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico.

Os apoios levados a cabo fóra da aula ordinaria deberán estar debidamente xustificados nos plans de intervención e deberase especificar a imposibilidade de desenvolver dito apoio no contexto ordinario. Neste caso, contemplarase, sobre todo, para o alumnado con necesidades educativas especiais e intentarase non ocupar a fracción completa do período lectivo. Os pais/nais/titores legais deberán ser informados.

Os apoios do profesorado de Audición e Linguaxe que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado poderanse levar a cabo fóra da aula ordinaria e soamente ocuparán unha fracción do período lectivo.

O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se estimen necesarias.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN EN RELACIÓN AO CENTRO

Este curso a xefatura do departamento é a coordinadora de benestar e convivencia do centro así como a coordinadora do equipo de convivencia.

Comezamos o curso asistindo ao **Congreso para coordinadoras e coordinadores de benestar e convivencia** e continuaremos a formación continua.

Dende o departamento de orientación somos conscientes da necesidade de contribuír á creación dun clima escolar onde o alumnado séntase ben e conviva de xeito positivo podendo expresar as súas necesidades, opinións e emocións libremente de xeito asertivo.

Por isto, este curso formulámonos como obxectivos prioritarios a dinamización dos patios en Educación Primaria e o desenvolvemento da competencia emocional e social na Educación Infantil. Neste último caso, para potenciar a formación neste ámbito, solicitamos a participación no programa Emoción-T.

Este traballo poderase coordinar coas escolas de Educación Infantil de Barrionovo e Vilarrodís a través da persoa encargada da orientación nelas.

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Membros: M^a Concepción Sánchez Vaamonde, Clara Cabello Gálvez, Lucía Pájaro López, Laura López López, Miriam Pardo Carneiro, Belén Vázquez Lorenzo, Pilar Chao Valle, M^a Dolores Macenlle García, M^a Dolores Carrillo Bermúdez, Diego Rúa Romero, María Berini.

Actuacións do curso:

- Fomentar e canalizar a formación do profesorado.
- Establecer e consensuar propostas de mellora nas instrumentais en base aos resultados das avaliacións do alumnado.
- Propor o calendario de reunións dos órganos de coordinación.
- Establecer o calendario de avaliacións.
- Fixar as datas de reunións coas familias e os puntos a tratar.

- Coordinar os aspectos metodolóxicos e didácticos interniveis e ciclos cara a unha mellora da aprendizaxe.
- Canalizar a información do EDLG e Biblioteca a través das persoas coordinadoras.
- Apoiar o funcionamento das tic no centro coa presenza de xeito voluntario da persoa coordinadora tic neste órgano.
- Levar a cabo reflexións nos ciclos para acordar un tema de centro para desenvolver na materia de proxecto competencial en primaria.

COMISIÓN DE DINAMIZACIÓN DE CONVIVENCIA/ BENESTAR EMOCIONAL

Integrantes da comisión: Clara Cabello Gálvez, Ana Rey Torrente, M^a Dolores Carrillo Bermúdez, Laura Corral Fachal, Silvia Vázquez García e M^a Amelia Mouzo Filgueira.

Coordinación benestar: Clara Cabello Gálvez

Actuacións:

- Elaborar e desenvolver xunto co resto de profesorado do centro o proxecto de Contratos- Programa (Emoción-T)
- Acordar a coordinación deste programa. Coordina: Ana Rey Torrente
- Desenvolver as conmemoracións e celebracións do calendario escolar relacionadas coa convivencia, os valores e o coidado das persoas da comunidade educativa
- Elaborar e poñer en práctica a dinamización dos patios de primaria e infantil, comezando por primaria.
- Aproveitar os recursos económicos dos contratos para adquisición de materiais de dinamización, convivencia e benestar.
- Participar na elaboración do Plan de Benestar Emocional.
- Propor actividades relacionadas co benestar en todas as etapas.

12. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PLANS DE INNOVACIÓN E FORMACIÓN

- Agrupación de centros, Activos por la inclusión. Proxecto cos centros CEIP ISIDRO ALMAZÁN DE GUADALAJARA, CEIP LAGUNA DEL DUERO DE VALLADOLID, CEIP EDUARDO LUCENA DE CÓRDOBA.
- Contratos Programa (CP Incluíe) na modalidade EMOCIÓN-T
- Proxecta. Programa Nutriescolas. Aliméntate ben. A alimentación, a diversidade e a inclusión no CEIP de Galán
- Programa de reparto de froita e leite na escola.
- Voz Natura: Proxecto, A contorna de Galán
- Proxecto E-Dixgal
- Plan Dixital de centro
- Centro PLAMBE de bibliotecas escolares
- Seccións Bilingües: 1º, 2º e 3º de educación primaria.
- Programa de Lingua Árabe e Cultura Marroquí.
- Modalidades de formación individual do profesorado en: cursos, xornadas, congresos, seminarios... a través do CFR de A Coruña, CAFI, PLATEGA ou outros.
- PFPP. Plan de Formación Permanente do Profesorado de duración dous cursos.
Modalidade didáctica: biblioteca e novos currículos
Modalidade tecnolóxica: polos creativos

13.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN. Segue vixente a última actualización.

Realización do simulacro de evacuación no primeiro trimestre e actualización e modificacións do plan de autoprotección.

14.- PLAN DE ORGANIZACIÓN DE TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.

Persoal auxiliar técnico cuidador: Amaya Ferreiro Alonso

8.45 -14.00 horas

Funcións: atención ao alumnado que ten adxudicado e as establecidas na lexislación vixente. (Ver PAXD)

Persoal administrativo:

Carlos Sande Vázquez

Horario: 8.45 horas a 14.00 e 16.00-18.00 h, os luns.

De martes a venres: 8.45 a 16.00 h.

Funcións: as establecidas por normativa.

Persoal de conserxería e servizos:

de 8.15 a 14.10 horas e de 15.45 a 18.10 horas de luns a venres, establecido polo Concello de Arteixo.

O resto de persoal de servizos o horario estipulado no seu contrato laboral

15.- HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

Dirección: de luns a xoves: 09.00 a 10.00 horas. Venres de 10.00 a 11.00 horas.

Xefatura de Estudos: de martes a venres: 09.00 a 10.00 horas

Secretaría: de luns a venres: 12.00 a 13.00 horas

Atención ao público Administración de luns a venres: 09.00 a 11.30 e de 12.00-13.00

Polas tardes a secretaría estará pechada.

16.- PLAN DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA

Accións a desenvolver para potenciar a comunicación coa comunidade educativa

- Reunións xerais de principio de curso coas familias.
- Xornada de acollida das familias de 4º de E.Infantil no mes de setembro.
- Reunións por titorías e contacto familias-escola, escola-familias.
- Xornadas de portas abertas para as familias de nova incorporación.
- Maio: Acollida das familias do novo alumnado 1º de E.P das Escolas de Vilarrodís e Barrionovo e alumnado da Gardaría Vagalume.
- Maio-Xuño: Visita ao instituto de Pastoriza alumnado de sexto. Xornada informativa para as familias no centro por parte do IES de Pastoriza.
- Participación da ANPA e celebración de actividades no propio centro. Colaboración da ANPA do centro nas actividades de despedida do alumnado de 6º.
- Comunicacions e circulares informativas por AbalarMóbil ou impresas.
- Correo electrónico como medio de comunicación/ contacto telefónico e páxina web.
- Asistencia das familias á festivais que se celebren no centro.
- Asistencia aos actos de despedida do alumnado de 6º de educación infantil e 6º de educación primaria.
- Coordinación coa ANPA: actos de despedida, Nadal, Entroido e fin de curso e outros.
- Favorecer a asistencia das familias á xornadas, obradoiros ou talleres de formación no centro a través da Escola de nais e pais.

17.- PLAN DE TRANSPORTE

PROTOCOLO TRANSPORTE. Número de alumnado transportado: 335

(SAÍDAS CEIP DE GALÁN)

O profesorado recollerá ao alumnado por aulas e fará a fila completa de cada liña que entregará, na cancela, ao persoal acompañante do autobús.

Faremos as filas de autobús de xeito descendente, 8 – 7 – 6 – 5 – 4 – 3 – 2 – 1 e cada unha terá un mestre ou mestra asignado.

Seguiremos o seguinte percorrido: Comezamos na aula de 6ºA – 6ºB – 6ºC – 5º C – 5ºB – 5ºA, baixamos pola escaleira e recolleemos ao alumnado de 3ºA – 3ºB – 3ºC – 4ºA – 4ºB – 2ºB – 2ºA – 1ºB – 1ºA – 1ºC, baixamos pola escaleira, 4ºE.I – 5ºE.I e 6ºE.I. Saímos polo patio de Infantil.

O alumnado de 1º e 3º de primaria estará ordenado por rutas nos corredores das aulas correspondentes.

A mestra de apoio de infantil, encargárase de achegar ao alumnado de 4ºE.I ás filas das rutas.

Todo o alumnado terá que estar na súa aula correspondente ás 13:55h.

18.- ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR

Servizo de xestión indirecta da Consellería de Cultura, Educación, F.P e Universidades. Empresa Adxudicataria: Jardanay

Horario: 14.00 a 15.50 horas

Saídas: 15.20 e 15.50 horas.

Docente delegada: Silvia Vázquez García

Persoal de comedor: 6 persoas

Nº de prazas autorizadas: 130

Quendas: 2 quendas

Espazo: un único espazo de comedor, dotado de lavalouzas, 2 microondas, un frigorífico combi, dotación da ANPA do centro , mobiliario e casilleiros.

Resolución de autorización de modificación de comedor escolar o día 5 de outubro de 2023 da Xefatura Territorial da Coruña. Modalidade de xestión, Indirecta da Xunta de Galicia, calendario de funcionamento a partires do curso 2023-2024, capacidade máxima 100 prazas, quendas previstas, 2 e con persoal de atención por parte da empresa que se encarga do servizo.

19.- PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Por parte do Concello de Arteixo para as actividades deportivas fóra do horario lectivo

Utilización por persoas alleas á Comunidade Educativa.

Seguirase o seguinte procedemento:

- 1.- Solicitud ante a dirección do Centro coa debida antelación.
- 2.- A Dirección solicitará o informe preceptivo ao Consello Escolar.
- 3.- No caso de que sexa positivo, tramitarase o permiso diante da Xefatura Territorial.

As instalacións do centro están a disposición da administración para a formación doprofesorado, cursos de educación de adultos, presencial ou a distancia.

Con carácter excepcional, a dirección poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal funcionamento das actividades docentes.

Utilización por parte das ANPAS, Antigo alumnado, sindicatos, Movementos de Renovación Pedagóxica e grupos de profesores e profesoras.

Só require a solicitude previa á dirección do centro, cunha antelación mínima de tres días, que concederá a autorización no marco das directrices fixadas polo Consello Escolar, se o seu destino é a finalidade propia das ditas institucións, sempre que non se altere o normal funcionamento do Centro.

20.- PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO

O calendario de revisión da programación coincidirá coas avaliacións fixadas para o curso.

- No primeiro Claustro e Consello trala avaliación de Nadal.
- No primeiro Claustro e Consello trala avaliación en Semana Santa.
- Na memoria final de curso

21.- Addenda do proxecto lingüístico. Decreto 179/2010. Reflectida no proxecto.

22.- Proxectos e programas nos que participa o centro.

Agrupación de centros educativos 2022-2024. Activos pola inclusión. Centros participantes, CEIP Eduardo Lucena de Córdoba, CEIP Isidro Almazán de Guadalajara, CEIP Laguna del Duero de Valladolid e CEIP de Galán, Oseiro (Arteixo).

Proxecta. Nutriescolas. Aliméntate ben. Coa colaboración de FOGGA reparto de froita e leite na escola durante un período de 10 días e 20 días respectivamente.

Proxecto Arteixo Innovación, proxecto no que colabora o Concello de Arteixo, mediante subvención para equipamento tecnolóxico e mantemento. O centro participa nas Xornadas que se organicen.

Seccións Bilingües: en 1º, 2º, 3º de educación primaria na área de Educación Plástica e Visual.

Clubs de lectura dende a Biblioteca.

PLAMBE, somos centro PLAMBE este curso.

Plan Dixital de centro, actualización este curso.

Voz Natura, programa medio ambiental no que o centro leva participando varios cursos. O tema do curso 2023-2024 é a contorna de Galán.

Plan director para a convivencia, xornadas de formación para alumnado de 5º e 6º de primaria e familias.

Contratos- Programa (Emoción-T) na liña de benestar emocional e dinamización de patios.

Plan de lingua árabe e cultura marroquí, programa que se desenvolve polas tardes en horario extraescolar para alumnado marroquí e outro alumnado do centro de ser o caso.

Aula que utilizará o mestre ou mestra adxudicado ao programa: aula de 4ºB da primeira planta.

23.- Actividade de biblioteca do centro.

O centro oferta a actividade de biblioteca de luns a xoves e en dúas quendas, as nenas e os nenos poderán consultar e gozar do noso catálogo bibliográfico así como levar a cabo outras tarefas relacionadas cos traballos de aula, etc.

O alumnado inscrito estará exposto no taboleiro.

As familias recollerán ás 17.00 horas no hall da entrada

24. PLAN ANUAL DE LECTURA. ANO ACADÉMICO 2023 - 2024

- 1.- Introducción.
- 2.- Obxectivos.
- 3.- Organización de espazos para a lectura/seccións.
- 4.- Rutinas de lectura.
- 5.- Recursos humanos.
- 6.- Actividades programadas e temporalizadas.
- 7.- Ler en familia.
- 8.- Seguimento e avaliación.

1.- Introducción.

A Biblioteca Escolar (en adiante BE) do CEIP de Galán (ou BIBLIO GALÁN) atópase, dende hai uns anos, en pleno proceso de cambio, axustándose aos obxectivos e retos que ditan as novas tendencias de facer da BE un dos motores principais da escola, un centro de aprendizaxes no que poder desenvolver as alfabetizacións múltiples, poñer en práctica distintas e variadas metodoloxías activas e desenvolver en todo o noso alumnado os seus talentos e fortalezas sen importar os seus estilos e preferencias de aprendizaxe.

Dentro deste marco, este curso fomos seleccionados para formar parte da rede PLAMBE (Plan de Mellora de BE de Galicia) Para esta nova concepción de BE que temos programada e que comeza no noso centro, seguiremos avanzando en cambios principalmente relacionado co eido organizativo ata chegar a aspectos máis prácticos que nos permitan afondar nas competencias ALFIN/AMI.

Non podemos perder a perspectiva da BE como o centro por excelencia de lectura, polo que seguiremos fomentando a mesma a través de distintos proxectos, tarefas e actividades que desenvolveremos e concretaremos ao longo deste documento.

Para poñer todo isto en práctica, o equipo da BIBLIO GALÁN, este curso 2023 - 2024, está conformado por Diego Rúa Romero como coordinador e María Belén Vázquez Lorenzo, Mónica Rodríguez Martínez, Lucía Pájaro López, Clara Cabello Gálvez, Eva Raquel Guimarey Cedeira, Inmaculada Sánchez Sánchez, María del Carmen Fernández Pardiñas, Pilar Chao Valle e Cristina González González como integrantes do mesmo. Un equipo estable, activo e comprometido que formará parte de diversas formacións directamente relacionadas coas BE e que terá en todo momento en conta as propostas que as compañeiras e compañeiros, alumnado e familias suxiran ao longo deste curso escolar.

2.- Obxectivos.

- Continuar a desenvolver, de xeito gradual (actualmente ata terceiro de Educación Primaria - EP) o proxecto de Libros que van e veñen (mochilas viaxeiras) e bolsas de préstamo en Educación Infantil (EI).
- Levar a cabo a creación dun espazo apropiado para o desenvolvemento de actividades de motivación cara a lectura, tanto na BE do centro como na BE de aula.
- Asesorar a toda a comunidade educativa sobre distintas lecturas de interese tanto de lecer, como para documentar as propostas didácticas ou para empregar no tempo dedicado a ler durante a xornada escolar.
- Fomentar a participación e a integración dos membros da comunidade educativa no uso da BE, especialmente das familias.
- Integrar recursos múltiples e variados para que a lectura sexa un recurso accesible para todo o alumnado do centro, sen importar os seus estilos, ritmos e preferencias de aprendizaxe.

- Desenvolver no alumnado un bo desempeño na competencia en comunicación lingüística, no que respecta a expresión e comprensión oral e escrita, especialmente en Lingua Galega, creando alumnado cun pensamento crítico, autónomo, activo e creativo.
- Fomentar a lectura de textos e obras en galego da literatura infantil e xuvenil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes
- Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.
- Levar a cabo unha formación para a comunidade educativa do centro en todo o que respecta a nosa BE para un correcto desenvolvemento e uso da mesma.
- Formar ao claustro do centro, a través do Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP), nas novas tendencias metodolóxicas que se están a desenvolver nas BE, para converter o espazo nun laboratorio de aprendizaxes.
- Continuar a elaborar boletíns informativos e de lectura ao finalizar cada avaliación.
- Colaborar co resto de equipos de dinamización da escola, especialmente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) para poñer en común propostas lectoras na nosa lingua.
- Integrar actividades de fomento á lectura a través de distintos recursos relacionados co mundo maker e as metodoloxías STEAM.
- Publicitar as novidades de fondos adquiridos a través dun espazo visible e distinguido da nosa BE co fin de fomentar a súa lectura, levando a cabo tamén exposicións temporais organizadas por diferentes tipos de interese, especialmente vinculados ao Proxecto Anual de Centro (PAC), este ano centrado na diversidade cultural.
- Dar a coñecer todas as actividades propostas a través do blog da BE, facendo do mesmo unha peza importante no día a día do centro.
- Continuar a establecer a figura do voluntariado da BE, para apoiar ao equipo nas tarefas de organización, desenvolvemento de actividades, etc.

- Propoñer a figura de alumnado voluntario para distintas tarefas da BE, como colaboración na xestión dos recantos da BE durante o recreo, apadriñamentos lectores, tarefas de organización dos fondos bibliográficos, así como outros recursos do espazo.
- Continuar a desenvolver os clubs de lectura para fomentar e desenvolver hábitos, rutinas, relación e relacións lectoras entre toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado e proposta para familias)
- Manter os espazos de lectura con fondos documentais e literarios que empoderen ao noso alumnado en valores feministas, LGTBIQ+, emocionais e sostíbeis segundo dita a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable.
- Fomentar a colaboración entre as BE dos centros adscritos (EEI Barrionovo, EEI de Vilarrodís - Oseiro e o IES de Pastoriza) a través de actividades de dinamización de recursos e fomento e promoción da lectura, asegurando un liña de traballo continuista entre todos eles.

3.- Organización de espazos e tempos para a lectura/seccións.

En canto a organización e funcionamento previsto da BE, dende o mes de outubro ata o mes de xuño, todos os niveis educativos do centro contan cunha hora semanal á súa disposición, coa dispoñibilidade e exclusividade do espazo e de todos os seus recursos. Ademais, a BE está aberta durante o recreo durante os cinco días da semana, cun control de aforo e de recursos organizado por colgantes e coa presenza do alumnado voluntario. Asemade, tamén ofrece un servizo de BE de tarde, de luns a xoves en horario de catro a seis e dous venres ao mes para disposición das familias con cita previa a través do blog.

A lectura ten que estar presente en todos os recantos dun centro escolar, por eso a BE debe poñer especial interese en promocionar a mesma nas distintas dependencias do centro, sobre todo, en determinadas zonas e espazos que resulten estratéxicos para aproximar a lectura ao alumnado, profesorado, familias e resto da comunidade educativa.

O espazo por excelencia será a BE, a cal responderá as necesidades de todo o noso alumnado, tendo en conta a diversidade funcional coa que contamos no centro. Outro aspecto moi importante é que o espazo da BE sexa dinámico, que se axuste a todas as propostas e metodoloxías activas que nela se van desenvolver. Deste xeito e, a espera dunha reforma neste curso, a BIBLIOGALÁN conta cun:

- Recanto de lectura: este é o lugar de lectura principal e onde o alumnado desenvolverá as tarefas como documentación de proxectos, lectura informal, desenvolvemento de actividades, etc.
- Recanto para traballo: este espazo está composto por mesas e cadeiras de diferentes formas e tamaños para poder traballar en equipos ou de xeito individual nas tarefas propostas polo profesorado, etc.
- Recanto de libros de consulta: dedicaremos un espazo para todos os libros informativos, dicionarios, enciclopedias, etc. Un espazo moi importante na documentación de información e polo tanto, do proceso de ensino - aprendizaxe do noso alumnado.
- Recanto maker e dixital: este recanto estará formado por recursos dixitais como computador, tabletas, impresora en tres dimensións, material para o desenvolvemento do pensamento computacional, realidade aumentada, etc. así como fondos en diferentes formatos audiovisuais. Asemade, durante a apertura da BE nos recreos, cada día contamos cun recanto específico para traballar e experimentar con distintos materiais de índole artística, maker, dixital, etc.
- Recanto de creación audiovisual: aproveitando o espazo de pantalla e altosfalantes de cinema, e grazas á adquisición dun croma durante este curso académico, temos proxectada a dedicación dun espazo para a creación e produción audiovisual.
- Recanto das nosas creacións: ano tras ano, o alumnado crea producións propias que teñen un espazo moi especial na BE do centro, como por exemplo, os cadernos viaxeiros das mochilas correspondentes.
- Recanto LGTBIQ+, Axenda 2030, empoderamento da muller, etc.: crear recantos na BE onde o alumnado poda atopar un amplo catálogo de títulos que den resposta a súa

diversidade afectivo - sexual, lingüística, aos compromisos cun bo desenvolvemento sostible ou ao empoderamento da muller, entre outros. A BIBLIOGALÁN é un espazo seguro, libre e onde poder atopar referentes.

- BE de aula: todas as aulas do centro teñen unha selección de libros escollidos polo equipo da BE, en colaboración co profesorado implicado na docencia desa aula, para axustar ditos fondos aos intereses e proxectos levados a cabo na mesma. A BE de aula é totalmente flexible e está suxeita a cambio durante todo o curso escolar.
- Recanto na sala de mestras e mestres: contamos cun recanto para libros de consulta para o profesorado do centro. Un espazo no que poder recurrir para documentar as súas prácticas docentes ou atopar lecturas do seu interese.
- Recanto nos corredores: nos corredores levaranse a cabo espazos dedicados á lectura correspondentes con conmemoracións (Semana do Libro), o PAC, etc.
- Recanto histórico: dentro do expurgo que se está efectuando, atopamos moito material de interese que recolleremos nun espazo especialmente habilitado no centro, para así darlle o valor, relevancia e importancia que merece.
- Por último, coa actual incorporación á rede de Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), este curso tamén formaremos parte do proxecto E-LBE.2 (lectura dixital para as BE) para a lectura e préstamo de contidos dixitais para todo o noso alumnado.

4.- Rutinas de lectura.

No que respecta ás actividades sistemáticas, así como as rutinas de lectura para fomentar a lectura, cabe destacar as seguintes:

- Establecemento dun tempo adicado á lectura nas etapas de EI e EP, interpretada en forma de diferentes tarefas: lectura individual, lectura en gran grupo, escoita de narracións, recitado de poemas, dramatizacións, uso de xornal, revistas, etc. en diferentes soportes, formatos e linguas, cunha aposta forte pola Lingua Galega e Lingua Inglesa e

asegurando a accesibilidade de todo o alumnado. Este tempo recoméndase levalo a cabo á volta do recreo, cunha duración de vinte minutos aproximadamente. De igual xeito, as actividades de dinamización á lectura propostas dende a BE serán levadas a cabo dentro dese mesmo horario proposto.

- Adicación dunha hora semanal para cada titoría na BE.
- Selección, nos distintos niveis de EP que o consideren, dunha selección de títulos de literatura infantil para ler de xeito colectivo e compartido.
- Participación do profesorado, das familias, do alumnado e do resto da comunidade educativa á hora de levar a cabo lecturas e dramatizacións no centro para as diferentes etapas e niveis educativos, por medio do proxecto Contos na lareira.
- Continuar cos recitais de poesía e creación de diferentes certames literarios ou outros concursos que promocionen e animen ao noso alumnado e comunidade educativa no fomento da literatura en diferentes temáticas, linguas e linguaxes.
- Incluir outras actividades innovadoras de fomento da lectura como os Booktubers ou Knolling literario para adaptarnos ás novas preferencias do noso alumnado.
- Apadriñamentos lectores internivel e interetapa que se desenvolveran en distintos momentos do curso, atendendo as conmemoracións e poñendo especial interese na colaboración e cooperación coas BE dos nosos centros adscritos.
- Presenza dun buzón de suxestións en liña, no blog da BE, para propostas para a adquisición de fondos, propostas de mellora, propostas de actividades, etc. Neste eido, darase importancia ao interese vocacional do alumnado do terceiro ciclo de EP.

5.- Recursos humanos.

Como eixe que vertebra de todo este plan está o propio equipo de BE, que como comentabamos anteriormente, está conformado por Diego Rúa Romero como coordinador e María Belén Vázquez Lorenzo, Mónica Rodríguez Martínez, Lucía Pájaro López, Clara Cabello Gálvez, Eva Raquel Guimarey Cedeira, Inmaculada Sánchez Sánchez,

María del Carmen Fernández Pardiñas, Pilar Chao Valle e Cristina González González como integrantes do mesmo.

Outro eixe moi importante no noso equipo de apoio é a colaboración diaria co alumnado voluntario, nenas e nenos de quinto e sexto de EP que supervisan tarefas, recursos, manteñen a orde no espazo, etc. Así como o alumnado participante nos apadriñamentos lectores e outras propostas nas que se solicite colaboración.

O profesorado de garda durante a apertura da BE nas tardes do curso, o cal fará un papel de supervisión dos recursos da mesma e colaboraran en tarefas como o forrado e mantemento de libros e outros recursos.

O papel do equipo directivo do centro, co apoio e ca axuda aportada en todos os aspectos máis organizativos da BE así como o resto de Equipos de Dinamizacións cos que colaboramos de xeito directo.

Outros servizos como as bibliotecas municipais a través de actividades de dinamización ou a axuda na xestión do club de lectura para profesorado así como a colaboración cos nosos centros adscritos (EEI de Barrionovo, EEI de Vilarrodís - Oseiro e o IES de Pastoriza)

E por suposto, as familias, as cales son unha parte fundamental para a nosa BE.

6.- Actividades programadas e temporalizadas.

En canto ás actividades programadas para este curso vinculadas co fomento da lectura, organizadas por diferentes ámbitos de intervención, son as seguintes:

- a. Xestión técnica e organización.

i. Primeira avaliación:

1. Distribución, colocación de recantos e elección do mobiliario para os mesmos, tanto na BE de centro como na de aula.
2. Centralizar os préstamos de alumnado, profesorado e familias no PROXECTO MEIGA.
3. Distribución de funcións dentro do equipo de apoio. Recompilación, revisión e actualización dos materiais.
4. Expurgo dos fondos seguindo os criterios establecidos polo equipo de BE.
5. Adquisición de novos fondos actualizados e acordes a liña editorial da BE e do centro.
6. Recolocación dos fondos en función á clasificación CDU.
7. Colocación de rótulos, etiquetas e selados dos libros.
8. Programación das actividades a realizar para a apertura da BE. Organización do calendario de uso da BE.
9. Realización e revisión do orzamento anual dedicado á BE.
10. Proposta e programación de diferentes actividades para conmemoracións, etc.
11. Catalogación e clasificación dos novos fondos adquiridos.

ii. Segunda avaliación:

1. Proposta e programación de diferentes actividades para conmemoracións, etc.
2. Catalogación e clasificación dos novos fondos adquiridos.

iii. Terceira avaliación:

1. Proposta e programación de diferentes actividades para conmemoracións, etc.
2. Catalogación e clasificación dos novos fondos adquiridos.
3. Determinación das actividades para este trimestre.
4. Expurgo dos fondos seguindo os criterios establecidos.

5. Detección de necesidades para o próximo curso, logo de realizar a avaliación correspondente.
 - b. Formación de usuarios
 - i. Primeira avaliación:
 1. Formación do uso da BE para familias, profesorado e alumnado a través de reunións presenciais con apoio visual.
 2. Coñecemento de diferentes tipos de textos e autoras e autores a través de celebracións, conmemoracións e efemérides.
 3. Obradoiros para a procura de fondos bibliotecarios a través do computador e tableta, CDU e ISBN.
 - ii. Segunda avaliación:
 1. Coñecemento de diferentes tipos de textos e autoras e autores a través de celebracións, conmemoracións e efemérides.
 2. Obradoiros para a procura de fondos bibliotecarios a través do computador e tableta, CDU e ISBN.
 - iii. Terceira avaliación:
 1. Coñecemento de diferentes tipos de textos e autoras e autores a través de celebracións, conmemoracións e efemérides.
 2. Obradoiros para a procura de fondos bibliotecarios a través do computador e tableta, CDU e ISBN.
 - c. Fomento da lectura:
 - i. Primeira avaliación:
 1. Desenvolver propostas de actividades para a dinamización do PAC, que este ano está centrado no fomento, sensibilización e oportunidades da diversidade cultural.
 2. Levar a cabo campañas de lectura relacionadas con diferentes conmemoracións: Día Internacional das BE (24 de outubro), animar á participación na CodeWeek 2023 (7 ao 22

de outubro) a través de distintas propostas relacionadas ca lectura e o PAC, Día Internacional das Persoas con Discapacidade (3 de decembro).

3. Establecer exposicións, obradoiros referentes as distintas conmemoracións enmarcadas nesta avaliación: Samaín (outubro), Magosto (outubro), Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a muller (25 de novembro), Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas (novembro) e o Nadal (decembro).

4. Realizar diferentes concursos de fomento e promoción da lectura.

5. Facilitar o encontro con autoras e autores relevantes cas lecturas do centro así como nos proxectos, conmemoracións, etc. que se leven a cabo tanto a nivel de titoría como de centro.

6. Fomentar a lectura a través do proxecto de Libros que veñen e van - mochilas viaxeiras. Neste curso para a etapa de EI, primeiro ciclo de EP e primeiro nivel do segundo ciclo de EP.

7. Convidar ás familias a formar parte das horas de ler do centro por medio do proxecto Contos na lareira por medio dunha inscrición en liña no blog da BE.

8. Facer participe ao resto da comunidade educativa as horas de ler do centro a través de invitacións para levar a cabo distintas lecturas, dramatizacións, etc.

9. Dinamizar o blog da BE do centro para poder consultar todas as actividades levadas a cabo polo equipo da BE do centro.

10. Celebración do club de lectura para profesorado e alumnado.

ii. Segunda avaliación:

1. Desenvolver propostas de actividades para a dinamización do PAC, que este ano está centrado no fomento, sensibilización e oportunidades da diversidade cultural.

2. Levar a cabo campañas de lectura relacionadas con diferentes conmemoracións: Día Mundial da Poesía (21 de marzo), Día Mundial do Teatro (27 de marzo) e Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil (2 de abril)

3. Establecer exposicións, obradoiros referentes as distintas conmemoracións enmarcadas nesta avaliación: Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia (11 de febreiro), Día de Rosalía (24 de febreiro), Día Internacional da Muller (8 de marzo), Entroido (9 ao 15 de febreiro), Día Internacional da Muller (marzo) e semana da prensa (6 ao 10 de marzo)
 4. Realización da segunda edición do Recital de poesía así como outros concursos de fomento e promoción á lectura como a técnica do knolling literario.
 5. Facilitar o encontro con autoras e autores relevantes cas lecturas do centro así como nos proxectos, conmemoracións, etc. que se leven a cabo tanto a nivel de titoría como de centro.
 6. Fomentar a lectura a través do proxecto de Libros que veñen e van - mochilas viaxeiras. Neste curso para a etapa de EI, primeiro ciclo de EP e primeiro nivel do segundo ciclo de EP.
 7. Convidar ás familias a formar parte das horas de ler do centro por medio do proxecto Contos na lareira por medio dunha inscrición en liña no blog da BE.
 8. Facer participe ao resto da comunidade educativa as horas de ler do centro a través de invitacións para levar a cabo distintas lecturas, dramatizacións, etc.
 9. Dinamizar o blog da BE do centro para poder consultar todas as actividades levadas a cabo polo equipo da BE do centro.
 10. Celebración do club de lectura para profesorado e alumnado..
- iii. Terceira avaliación:
1. Desenvolver propostas de actividades para a dinamización do PAC, que este ano está centrado no fomento, sensibilización e oportunidades da diversidade cultural.
 2. Levar a cabo campañas de lectura relacionadas con diferentes conmemoracións: Día Internacional do Libro (23 de abril).
 3. Establecer exposicións, obradoiros referentes as distintas conmemoracións enmarcadas nesta avaliación: semana do libro (17 ao 21 de abril), Día de Europa (9 de maio), Día das Letras Galegas e Día Internacional contra a LGTBfobia (17 de maio)

4. Realizar un concurso de microrelatos así como outros concursos de fomento e promoción da lectura.
5. Facilitar o encontro con autoras e autores relevantes cas lecturas do centro así como nos proxectos, conmemoracións, etc. que se leven a cabo tanto a nivel de titoría como de centro.
6. Fomentar a lectura a través do proxecto de Libros que veñen e van - mochilas viaxeiras. Neste curso para a etapa de EI, primeiro ciclo de EP e primeiro nivel de segundo ciclo de EP.
7. Convidar ás familias a formar parte das horas de ler do centro por medio do proxecto Contos na lareira por medio dunha inscrición en liña no blog da BE.
8. Facer participe ao resto da comunidade educativa as horas de ler do centro a través de invitacións para levar a cabo distintas lecturas, dramatizacións, etc.
9. Dinamizar o blog da BE do centro para poder consultar todas as actividades levadas a cabo polo equipo da BE do centro.
10. Celebración do club de lectura para profesorado e alumnado.

7.- Ler en familia.

As familias son unha peza imprescindible no desenvolvemento e do proceso de ensino - aprendizaxe de todo o alumnado do noso centro. Por iso, a BE non pode deixar de lado a súa participación e implicación na mesma a través dos seguintes proxectos, actividades e propostas:

- Familias lectoras: Por medio do proxecto de Contos na lareira, convidamos ás familias a contar contos, dramatizacións, etc. na BE durante á hora de ler.
- Club de lectura en familia: Proposta de elaboración de un club de lectura para familias e alumnado.

- Coleccións destinadas ás persoas adultas: Levaremos a cabo préstamos de adultos cunha dotación de fondos variados con temáticas divulgativas, creacións en familia, etc.
- Encontros con familias en distintos obradoiros de temas do seu dominio e interese, vinculados ao PAC do centro, así como outros temas relevantes para toda a nosa comunidade educativa.
- Caixa de correo para suxestións no blog: caixa de correo en liña no blog da BE para calquera tipo de suxestión de fondos bibliográficos, recursos, etc.
- Apertura da BE dous venres ao mes en horario de tarde para consulta e lectura de fondos así como préstamos en familia.

8.- Seguimento e avaliación.

Todo proceso precisa dunha avaliación para poder establecer unha serie de melloras para vindeiros cursos. Por iso, é importante contar coa opinión das persoas usuarias da BE como é o caso de alumnado, profesorado e familias, as cales, a través de formularios en rede publicados no blog, valoran os indicadores relacionados cas instalacións da BE (espazo, recantos, accesibilidade), fondos bibliográficos (accesibilidade, calidade, compensación, referentes sociais, empréstitos, etc.), outros recursos (estado, emprego, formación, etc.), organización (horario, etc.), difusión das actividades (dinamización, blog, etc.), comunidade educativa (familias, etc.), formación de persoas usuarias (voluntariado, formación, etc.) actividades desenvoltas (mochilas viaxeiras, contos na lareira, animación á lectura, axuste, vinculación curricular, etc.) e club de lectura (lecturas, sesións, propostas, etc.)

Con esta información e a partires deste punto, comezamos a plantexar as liñas de traballo do próximo curso co fin de facer da BIBLIO GALÁN un punto de encontro, un encontro coa información, coas historias, coa vida, en definitiva, coa liberdade.

25.- PLAN DE ACTIVIDADES DA ANPA

A.N.P.A. "MANUEL MURGUIA " CEIP GALÁN C/
Miguel de Cervantes, 21
15141 Oseiro Arteixo Asociación
Provincial nº 1196 C.I.F.: G
15059199
Correo e mail: anpagalan@gmail.com

Actividades previstas durante o curso 2023/2024

ACTIVIDADES LÚDICAS

A ANPA propón retomar durante este curso a organización de festas co alumnado e coas familias para a celebración das seguintes ocasións:

Festa do Nadal a realizar no centro.

Data proposta: Xoves, 21 de decembro (horario de tarde)

Festa o entroido a realizar no centro.

Data proposta: Venres 09 de febrero (horario de tarde)

Festa de Fin de Curso a realizar no centro

Data proposta: Mércores 21 de xuño (horario de tarde)

OUTRAS ACTIVIDADES

- Colaboración coa entrega dos libros do Fondo de Libros para 3º e 4º de Educación Primaria.
- Agasallo de parte da Anpa para os alumnos de 6ª Primaria e colaboración na Graduación.
Data: Antes da graduación.
- Colaboración na campaña de Nadal de recollida de alimentos promovida pola Asociación O Grilo.
- Deixamos aberta a posibilidade de realizar alguna outra actividade, tanto formativa como lúdica.

26.- PLAN DE ACTIVIDADES DO CONCELLO DE ARTEIXO.

1. ACTIVIDADES EDUCATIVAS

Cociña divertida

Artesanía-Manualidades

Baile galego

Baile moderno

Pandeieta

Guitarra

Idioma

Informática-Robótica

Mecanografía

Teatro

Taller de arte

Técnicas de estudo

Coordinadora: Andrea Mañana Pallas

2. ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Patinaxe

Judo

Ximnasia deportiva

Tenis

Multideporte

Futbiño

Ocioteca

3. OUTRAS ACTIVIDADES

Natación escolar 2023/2024 luns e martes

Complexo deportivo municipal Pastoriza- Meicende

27.- ANEXOS

LIBROS DE TEXTO

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO PARA O CURSO 2023-2024
4º EDUCACIÓN INFANTIL
5º EDUCACIÓN INFANTIL
6º EDUCACIÓN INFANTIL
SEN LIBROS DE TEXTO

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO				
CURSO 2023-2024				
1º EDUCACIÓN PRIMARIA				
Curso e etapa	Área Materia	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
1º E.P	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA LENGUA Primeros Pasos PAUTA Construyendo mundos. 2022		978-84-680-7160-2	Castelán
1º E.P	Cuaderno LECTOESCRITURA PAUTA Construyendo mundos (1-1). 2022 Ed. Santillana.		978-84-680-7123-7	Castelán
1º E.P	MATEMÁTICAS 1PRI MATEMÁTICAS Construyendo mundos Tomo único con espiral. 2022. Ed. Santillana		978-84-680-7129-9	Castelán
1º E.P	LINGUA GALEGA E LITERATURA 1PRI LECTOESCRITURA- Construindo mundos (1-1) 2022 1PRI Caderno LECTOESCRITURA. Construindo mundos(1-2) 2022 Ed. Santillana		978-84-9185-399-2 978-84-9185-536-1	Galego
1º E.P	CIENCIAS SOCIAIS 1PRI CC. SOCIAIS Construindo mundos. 2022 Ed. Santillana		978-84-9185-414-2	Galego
1º E.P	CIENCIAS DA NATUREZA 1PRI CC. DA NATUREZA Construindo mundos. 2022 Ed.Santillana		978-84-9185-411-1	Galego
1º EP.	RELIXIÓN / PROXECTO COMPETENCIAL	SEN LIBRO	-----	-----
1º E.P	LINGUA ESTRANXEIRA	Open Up 1. Class Book with Digital Book. My English Folder 1. Ed. Oxford	978-01-940-7152-9	Inglés
1º E.P	MÚSICA E DANZA	SEN LIBRO	-----	-----

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO PARA O CURSO 2023-2024				
2º EDUCACIÓN PRIMARIA				
Curso e etapa	Área Materia	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
2º EP.	LINGUA GALEGA E LITERATURA/ CIENCIAS SOCIAIS /CIENCIAS DA NATUREZA	G-2EP GLOBALIZADO 1T (GAL 23)	97-884-191-0151-8	Galego
		G-2EP GLOBALIZADO 2T (GAL 23)	97-884-191-0152-5	
		G-2EP GLOBALIZADO 3T (GAL 23)	97-884-191-0157-0	
		Proxecto globalizado ED. S .M. XERME. 2023		
2º E.P	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	Lengua Castellana y Literatura 2PRI LENGUA MOCHILA LIGERA Proyecto construyendo mundos. ED. SANTILLANA. 2023	978-84-144-0762-2	Castelán
2º E.P	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS 2º 1º, 2º e 3º Trimestre ED. ANAYA	978-84-698-9373-9	Castelán
2º EP.	LINGUA ESTRANXEIRA	Open Up 2. Class Book with Digital Book pack my english folder. Ed. OXFORD.	978-01-9407-198-7	Inglés
2º EP.	MÚSICA E DANZA	SEN LIBRO	-----	-----
2º EP.	RELIXIÓN / PROXECTO COMPETENCIAL	SEN LIBRO	-----	-----

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO PARA O CURSO 2023-2024				
3º EDUCACIÓN PRIMARIA				
Curso e etapa	Área Materia	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
3º EP	L.GALEGA E LITERATURA	PROXECTO OPERACIÓN MUNDO ED. ANAYA	978-84-698-9948-9	Galego
3º EP	L.CASTELÁ E LITERATURA	PROYECTO CONSTRUYENDO MUNDOS. EDITORIAL SANTILLANA	978-84-680-7201-2	Castelán
3º EP	MATEMÁTICAS	PROYECTO COMUNIDAD ZOOM. MATEMÁTICAS. VICENS VIVES.	978-84-682-8283-1	Castelán
3º EP	CIENCIAS SOCIAIS	PROXECTO OPERACIÓN MUNDO. ED. ANAYA.	978-84-143-0127-2	Galego
3º EP	CIENCIAS DA NATUREZA	PROXECTO CONSTRUÍNDO MUNDOS. ED. SANTILLANA.	978-84-9185-410-4	Galego
3º EP	LINGUA ESTRANXEIRA	OPEN UP 3. CLASS BOOK WITH DIGITAL BOOK. ED. OXFORD OPEN UP 3. ACTIVITY BOOK+ALK WITH DIGITAL BOOK. ED. OXFORD	978-019-407-261-8 978-019-407-237-3	Inglés
3º EP	MÚSICA E DANZA	SEN LIBRO	-----	-----
3º E.P	EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL	SEN LIBRO	-----	-----
3º EP	RELIXIÓN / PROXECTO COMPETENCIAL	SEN LIBRO	-----	-----

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO PARA O CURSO 2023-2024

4º EDUCACIÓN PRIMARIA

Curso e etapa	Área Materia	Título, autor, editorial	ISBN	Lingua da edición
4ºE.P	L. GALEGA E LITERATURA	CONSTRUÍNDO MUNDOS ED. SANTILLANA 2023	978-84-9185-705-1	Galego
4ºE.P	L. CASTELÁ E LITERATURA	CONSTRUYENDO MUNDOS ED. SANTILLANA 2023	978-84-1440-738-7	Castelán
4ºE.P	MATEMÁTICAS	4º E.P FANFEST 2023 ED. EDELVIVES	978-84-1405-003-3	Castelán
4ºE.P	CIENCIAS SOCIAIS	CONSTRUÍNDO MUNDOS ED. SANTILLANA 2023	978-84-9185-698-6	Galego
4ºE.P	CIENCIAS DA NATUREZA	4º E.P FANFEST ED. EDELVIVES. 2023	978-84-9046-591-2	Galego
4ºE.P	LINGUA ESTRANXEIRA	OPEN UP 4. Class Book with Digital Book ED. OXFORD Open up 4. Activity book+ALK with Digital Book ED. OXFORD	978-01-9407-288-5 978-01-9407-269-4	Inglés
4ºE.P	MÚSICA E DANZA	SEN LIBRO	-----	-----
4ºE.P	RELIXIÓN/ PROXECTO COMPETENCIAL	SEN LIBRO	-----	-----

5º e 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

PROXECTO E-DIXGAL

A Programación Xeral Anual foi informada ao Claustro e aprobada no Consello Escolar do centro o día 16 de outubro de 2023, actuando como secretario en funcións, Andrés Muñiz Vena, persoal docente dos dous órganos.